

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 17

SESION ORDINARIA DO 29 DE NOVEMBRO DE 2017

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Regades Fernández, David
Rivas González, Ángel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Figueroa Vila, José M.
Gago Bugarín, Diego José
González Sánchez, Elena
Muñoz Fonteriz, Elena

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois
López Barreiro, Margarida
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

Fidalgo Iglesias, Miguel, concelleiro do grupo municipal do Partido Popular.
Piñeiro López, Ángel, concelleiro do grupo municipal do Partido Popular.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e coce minutos do día vinte e nove de novembro do ano dous mil dezasete, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma.

Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Iniciamos Pleno do Concello en sesión ordinaria convocada para o día de hoxe ás nove horas, constátase quórum, ábrese sesión pública e iniciamos coa orde día.

PARTE RESOLUTIVA

1(182).- ACTAS ANTERIORES: (ORDINARIA 27 DE SETEMBRO 2017).

Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión ordinaria do 27.09.2017.

DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

2(183).- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POLO 25 DE NOVEMBRO “DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES”. EXPTE.8047/224 (REXISTRO PLENO 1654/1101).

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de novembro, número 1654/1101, a xefa do Servizo de Igualdade co conforme da concelleira delegada da Área e Presidenta do Consello Municipal da Muller, remiten a seguinte proposta creada no seo do Consello Municipal da Muller.

PRESIDENCIA: Imos facer lectura da Declaración Institucional, que a fará dona Elisabeth Pérez Costas, do Consello Municipal da Muller, se ocupa o seu sitio por favor.

SRA. PÉREZ COSTAS: A unión do movemento feminista fixo e fai posible acadar tanto para as mulleres como para o conxunto da sociedade, moitos dos dereitos que hoxe damos por feitos.

Tamén sabemos que temos que seguir defendendo o acadado, loitando polo aínda non conquistado e reivindicando o que nos rouban, alzando a nosa voz por nós, polas mulleres que están e non poden facelo e tamén, polas que xa non están.

Polas que non están.

Cifras que escoitamos a cotío sen alterarnos.

Podemos facer as contas en décadas, 655 asasinadas na última década; podemos comparalas con outras cifras, 830 asasinadas en 13 anos, 1 máis que as persoas asasinadas por ETA en 42 anos, aínda que non se dimensionan ás vítimas por igual ou podemos facelo por anos, borrón e conta nova cada mes de xaneiro, e neste 2017 contamos con 74 vítimas, das que 10 son crianzas.

Non hai nin unha tendencia nin un patrón que poidamos detectar, o único que si podemos afirmar con total rotundidade, é que, aínda que o número de asasinadas nos arrepíe, estas cifras non reflicten a realidade do que é a violencia de xénero. Os asasinatos son só un dos desenlaces dos que os únicos responsables son os asasinados que os perpetran.

Pero a violencia de xénero é diaria e cotiá. Ten múltiples formas e expresión, é unha realidade estrutural e global. Por isto, no día de hoxe, temos a necesidade de seguir xerando conciencia de que a violencia machista nos está matando e a súa erradicación pasa por tomar conciencia de que é un tema que nos incumbe a todas e a todos.

Cómpre actuar, e cómpre facelo de forma global e coordinada e, sen dúbida, con conciencia de a que nos enfrontamos.

É preciso destinar recursos, desde o ámbito local, o estatal e o internacional.

Fai apenas un mes aprobouse o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, pacto que aínda que apenas aporta novidades a Lei de Protección contra a Violencia de Xénero polo que segue deixando fora medidas que poidan abarcar violencias machistas que se exercen contra as mulleres lesbianas, transexuais ou tranxénero, si recoñece como vítimas ás nais das crianzas asasinadas polo pai, denega a custodia compartida nos casos de violencia de xénero, pero que non conta con presuposto para implementalo e recolle a violencia sexual, tal como recoñece o Convenio de Istambul, pero as vítimas de violacións ou agresións sexuais non contarán con medidas de protección e prevención ata que se recolla en futuras leis específicas ou se amplíe a lei de 2004. Queremos recordar que o 99% das adolescentes sufriron vítima sexual ao longo a súa vida.

É preciso contar coas implicadas.

Coñecer a realidade á que se enfrontan as vítimas unha vez rachan co círculo da violencia para establecer as medidas necesarias para que continúen adiante. Contar coas organizacións que traballan a diario con elas, que as acompañan, as atenden...xa que detectan de primeira man todas as eivas. E contar coas organizacións feministas para chegar a sociedade con campañas de sensibilización que aborden as causas da violencia machista con coñecemento, sensibilidade e empatía.

E é preciso adoptar unha actitude persoal ante o machismo que nos permita actuar no cotiá, independentemente do noso xénero, facéndoo patente e de xeito visible e consciente en todos os roles e facetas da nosa vida.

Con todo isto, os feminismos queremos por de manifesto que a loita contra a violencia de xénero é a loita contra o machismo. Machismo que está enraizado no noso sistema ata o punto de que a vulneración dos nosos dereitos polo simple feito de ser mulleres pasa desapercibida e non é tema central a diario como si o é no día de hoxe.

Por iso reclamamos o recoñecemento da loita contra o terrorismo machista como unha cuestión de estado.

Reclamamos se establezan todas as medidas provisionais necesarias sobre a custodia, a patria potestade, a pensión de alimentos e estipular ou suspender o réxime de visitas respecto ás crianzas que protexan as mulleres e as súas crianzas dende o momento da denuncia.

Reclamamos a prevención como ferramenta de acción prioritaria. Sensibilizar e coeducar en igualdade e diversidade afectiva, sexual e de xénero a tódalas persoas que interveñen nos procesos, aos medios de comunicación, aos axentes educativos e a sociedade civil.

Reclamamos dos medios de comunicación e da publicidade, que deixen de ser cómplices do sexismo e non reproduzan as estruturas machistas normalizando un sistema binario que cousifica e instrumentaliza os nosos corpos. Querémosnos visibles e diversas.

E seguiremos reclamando que se desenvolva o asinado no Convenio de Istambul e as recomendacións da CEDAW para que se reflectan todas as formas de violencia contra as mulleres.

O feminismo unido como única resposta ás violencias machistas.”

PRESIDENCIA: Moitas gracias, dona Elisabeth Pérez pola lectura do manifesto.

A anterior Declaración Institucional enténdese aprobada por asentimento dos membros presentes da Corporación.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3(184).- APROBACIÓN DO PLAN ANUAL NORMATIVO DO CONCELLO DE VIGO PARA O ANO 2018. EXPTE. 1464/110 (REXISTRO PLENO 1653/1101).

ANTECEDENTES: En data 9 de novembro de 2017, o Secretario Xeral do Pleno, emite o seguinte informe proposta,

"Lexislación aplicable.

LPAC. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

LBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Antecedentes e proposta de acordo.

Ao obxecto de acadar unha maior predectibilidade, transparencia e seguridade das normas xurídicas o artigo 132 da LPAC obriga ao conxunto das Administracións Públicas a facer público con carácter anual un *Plan Normativo* que conterá as iniciativas regulamentarias que podan ser obxecto de aprobación no ano seguinte; o Plan publicarase no Portal da Transparencia.

Con data de 31 de agosto a Xunta de Goberno Local aprobou as "Directrices para a elaboración no Concello de Vigo do *Plan Normativo Anual* e para a avaliación normativa".

As Directrices advertían que con anterioridade o 15 de outubro remitiríanse á Secretaría xeral do Pleno as iniciativas regulamentarias que se desexaran incorporar ao *Plan Normativo Anual*; foron notificadas aos concelleiros delegados de Área e á totalidade das xefaturas de Área e de Servizo nos que se estrutura a Administración municipal en data 05.09.2017 e publicadas na intranet o 6.09.2017; foron reiteradas ás Áreas e Servizos en data 11.10.2017.

Concluído o prazo de remisión as propostas normativas recibidas teñen sido as seguintes:

I. Área de Xestión municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica.

Nova Ordenanza

Ordenanza de Administración Electrónica do Concello de Vigo.

Obxectivo da norma: Coa norma preténdese ofrecer un marco de maior seguridade xurídica nas relacións electrónicas de cidadáns/ás e empresas co Concello de Vigo e os organismos vinculados, concretando determinadas previsións das leis, así como unha mellora na eficiencia e eficacia no funcionamento electrónico nos servizos públicos municipais, mediante a simplificación e redución de cargas administrativas e custes de xestión.

Necesidade de avaliación: si

Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: febreiro 2018.

II. Área de Urbanismo.

Adaptación de Ordenanza existente.

Ordenanza Municipal reguladora do contido, organización e funcionamento do Rexistro Municipal de Solares e Edificios a rehabilitar.

Obxectivo da norma: adecuación da Ordenanza existente (BOP 10.12.2008) á Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia e ao decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

Necesidade de avaliación: non.

Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: non se indica.

Conforme as propostas formuladas propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de Plan Normativo Anual correspondente ao ano 2018 no que se inclúen as seguintes normas:

Ordenanza de Administración Electrónica do Concello de Vigo.

Ordenanza Municipal reguladora do contido, organización e funcionamento do Rexistro Municipal de Solares e Edifícios a rehabilitar.

SEGUNDO. Elevar ao Pleno o acordo adoptado."

Con data 16 de novembro de 2016, a Xunta de Goberno Local aproba dita proposta.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade e Mobilidade, na súa sesión do 22 de novembro de 2017, ditaminou favorablemente dita proposta incluíndo a emenda presentada polo concelleiro de Fomento, quedando do seguinte xeito:

"Ao obxecto de acadar unha maior predecibilidade, transparencia e seguridade das normas xurídicas o artigo 132 da LPAC obriga ao conxunto das Administracións Públicas a facer público con carácter anual un *Plan Normativo* que conterá as iniciativas regulamentarias que podan ser obxecto de aprobación no ano seguinte; o Plan publicarase no Portal da Transparencia.

Con data de 31 de agosto a Xunta de Goberno Local aprobou as "Directrices para a elaboración no Concello de Vigo do *Plan Normativo Anual* e para a avaliación normativa".

As Directrices advertían que con anterioridade o 15 de outubro remitiríanse á Secretaría xeral do Pleno as iniciativas regulamentarias que se desexaran incorporar ao *Plan Normativo Anual*; foron notificadas aos concelleiros delegados de Área e á totalidade das xefaturas de Área e de Servizo nos que se estrutura a Administración municipal en data 05.09.2017 e publicadas na intranet o 6.09.2017; foron reiteradas ás Áreas e Servizos en data 11.10.2017.

Concluído o prazo de remisión as propostas normativas recibidas teñen sido as seguintes:

I. Área de Xestión municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica.

Nova Ordenanza

Ordenanza de Administración Electrónica do Concello de Vigo.

Obxectivo da norma: Coa norma preténdese ofrecer un marco de maior seguridade xurídica nas relacións electrónicas de cidadáns/ás e empresas co Concello de Vigo e os organismos vinculados, concretando determinadas previsións das leis, así como unha mellora na eficiencia e eficacia no funcionamento electrónico nos servizos públicos municipais, mediante a simplificación e redución de cargas administrativas e custes de xestión.

Necesidade de avaliación: si

Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: febreiro 2018.

II. Área de Urbanismo.

Adaptación de Ordenanza existente.

Ordenanza Municipal reguladora do contido, organización e funcionamento do Rexistro Municipal de Solares e Edifícios a rehabilitar.

Obxectivo da norma: adecuación da Ordenanza existente (BOP 10.12.2008) á Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia e ao decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo o que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

Necesidade de avaliación: non.

Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: non se indica.

A través de emenda introducida polo concelleiro delegado de Fomento, Limpeza e Contración:

Emenda de adición.

Incluír no apartado PRIMEIRO da proposta de acordo no que se citan as normas do Plan Normativo para o ano 2018 o seguinte Regulamento.

Regulamento do Tribunal Municipal Especial de Contratación.

A parte expositiva da proposta de acordo ampliarase co seguinte contido:

III. Área de Fomento, Limpeza e Contratación.

Novo Regulamento.

Regulamento do Tribunal Municipal Especial de Contratación.

Obxectivo da norma: A nova Lei de Contratos do Sector Público, Lei 9/2017, de 8 de novembro, entrará en vigor en data de 9 de marzo de 2018; no seu artigo 46 contempla a posibilidade de que as entidades locais mencionadas no artigo 121 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases del Réxime Local, poderán crear un

órgano especializado e funcionalmente independente que ostentará a competencia para resolver determinados recursos en materia de contratación; con este fin é obxectivo do goberno dotar á Administración municipal e ás entidades instrumentais dependentes da mesma que ostenten a condición de poderes adxudicadores deste novo órgano co fin de mellorar a eficiencia e eficacia na tramitación administrativa.

Necesidade de avaliación: si

Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: febreiro 2018.

Conforme as propostas formuladas propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo..."

De seguido formulase a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

DEBATE:

SR. PARDO ESPIÑEIRA: Traemos hoxe aquí para a súa aprobación o Plan Anual Normativo do Concello de Vigo, un instrumento de planificación que tódalas administración públicas deberían aprobar coas iniciativas legais ou regulamentarias que vaian ser aprobadas no vindeiro ano, e que unha vez aprobadas serán publicadas no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Este Plan é unha novidade introducida pola Lei de Procedemento Administrativo Común que procura unha mellora da calidade regulatoria, é necesario contar cunha nova regulación que remate coa dispersión normativa e con estes obxectivos establécense ao mesmo tempo que se reforza a seguridade xurídica. O exceso de normas é contrario á boa regulación e ao bo goberno, na nova xestión pública hase de prescindir de medidas innecesarias, a inflación normativa só contribúe á confusión, e polo tanto, a inseguridade xurídica é o freo da actividade económica e sobre carga á cidadanía dos requisitos que se lle piden, é dicir, a mellora na calidade da regulación aconsella simplificar o escenario normativo, xa moi complexo en España como consecuencia da existencia de tres niveis territoriais, estado, autonomías e entidades locais, e por iso que a regulación intelixente é un marco xurídico de calidade que permita o cumprimento dun obxectivo e ao mesmo tempo que ofrezca incentivos adecuados para dinamizar a actividade económica, permita simplificar procesos e reduza cargas administrativas. Este Plan debe evitar esas cargas innecesarias ou accesorias e racionalizar na súa aplicación a xestión dos recursos públicos.

O Concello de Vigo dispón xa dun completo ordenamento xurídico local que cobre as necesidades normativas sen que sexa procedente aprobar normas por aprobar, e xerar

confusión ou novas cargas e dificultades á cidadanía, todo o contrario, unha vez dispoñible o marco normativo o que procede dotalo de estabilidade e actuar mediante xestión municipal.

Unhas das principais siñas de identidade do goberno municipal dirixido polo Sr. Abel Caballero, é a boa xestión dos recursos municipais, o fomentar espazos onde a cidadanía poida sentirse cómoda coa administración municipal. Deste xeito para a elaboración deste Plan adoptouse un criterio técnico, o Sr. Alcalde encomendou ao propio secretario do Pleno e este a súa vez dirixiuse a todos e cada dos servizos municipais e da tramitación deste expediente que hoxe tráese aquí resultou que as necesidades do servizos públicos municipais non requiriron de ningunha actividade regulatoria diferente á incluída no Plan, e por elo as propostas e normativas que se inclúen neste Plan son tres, a primeira, unha nova ordenanza de administración electrónica do Concello de Vigo que forma parte dun Plan de Transformación Dixital impulsado polo Alcalde de Vigo e cunha comisión técnica integrada polos máis altos funcionarios desta casa que xa leva máis dun ano traballando. O segundo, é dende a Área de Urbanismo que fai xa de adecuación da ordenanza existente que é a ordenanza reguladora do contido de organización e funcionamento do rexistro municipal de solares e edificios a rehabilitar, adaptándoa á Lei do solo de Galicia. E a terceira, proposta normativa é novo regulamento do Tribunal Municipal Especial de Contratación que será un órgano especializado e funcionalmente independentemente que ostentará a competencia para resolver determinados recursos en materia de contratación.

Dende hai xa máis 10 anos, o Alcalde o Sr. Caballero, os seus gobernos, veñen aplicando unha transformación profunda da administración municipal, facendo máis áxil, cercana, transparente e polo tanto máis eficaz, sen enchela de normas contraditorias, adaptándoa a unha normativa cambiante e que deriva nunha mellor atención á cidadanía. Esta transformación vense facéndoa evitando cargas innecesarias e racionalizando a xestión dos recursos públicos. O Concello de Vigo xa conta na actualidade con suficientes normas que lévano a ser unha administración clara, transparente e de relación áxil coa cidadanía.

Entre 48 e 50 ordenanzas e regulamentos.

SR. PÉREZ CORREA: Celebramos que se traía a Pleno esta proposta sobre todo porque non é excepcionalidade do Concello de Vigo nin do Alcalde o Sr. Caballero, senón que o están aprobando tódolos concellos do Estado porque entre outras cousas porque a Lei de Procedemento Administrativo Común obriga, algúns fixérono máis pronto e

outros farémolo máis tarde ou máis xustos sobre a data que quero lembrar que o 15 de outubro cumpríase, pono no expediente, esa remisión de información da secretaría á Secretaría Xeral do Pleno de tódalas concellerías que van polo menos a colgar información dentro deste Plan Normativo que para resumilo un pouco pois é algo que forma parte da transparencia administrativa, debería ser algo habitual nas administracións poñer cando menos un índice ou un relatorio actualizable cada ano tanto das ordenanzas ou regulamentos ou aquelas cuestións normativas como di o propio nome que van afectar ao Concello de Vigo, nós á espera tamén de cales é ese Plan ou cales son as cuestións, aquí creo que están collidas un pouco simplificadas as cuestións de carácter normativo que se van incorporar no exercicio do ano que ven, si que queríamos poñer algunhas cousas enriba da mesa, aínda que sexa só comparativamente porque estivemos vendo regulamentos doutros concellos que creo que son moito máis ambiciosos xa non digo a ambiciosos no senso de someter a unha consulta pública previa o Plan Normativo como fixo por exemplo, un concello gobernado polo Partido Socialista como é Getafe, decidiu que antes de aprobar o Plan Normativo ou antes incluso de facer ese Plan Anual, pois preguntarlle aos colectivos e á cidadanía que consideraban que había que modificar, se había que modificar algunha ordenanza, algún regulamento, xa esa parte non imos entrar porque entre outras cousas temos un regulamento de Participación Cidadá que xa debería estar no Plan Normativo porque temos un regulamento de Participación Cidadá do ano catapún que non serve para nada, practicamente para nada e que deberíamos actualizar e prego que os concelleiros/as lean ese regulamento porque creo que é o regulamento máis desfasado que ten un concello, un gran concello deste país en canto á participación cidadá, pero así que a segunda parte se nos di unha serie de cambios ou de modificacións para o exercicio que ven e nós aí se que queríamos poñer polo menos introducir a reflexión dalgúns. Damos por feito que cuestións de urbanismo no van entrar, non estamos pedindo que entre o Plan Xeral dentro do Plan Normativo, non entra practicamente ningún concello pero si que hai concellos que a redacción de modificacións puntuais do seu Plan, non sabemos, entendemos que haberá que abordar algunha modificación puntual do Plan vixente do 93, entre outras cousas porque é un plan desfasado, entendemos que no ano 2018 non se vaia mover absolutamente nada, non se vai facer ningunha modificación parcial do Plan do 93, aínda que sexa para encaixar determinadas actuacións como pode ser a ampliación da fase de Navia, como pode ser incluso a Estación Intermodal, gustaríanos saber porque non hai cabida a esas modificacións puntuais, estudos de detalle, plans

parciais, é dicir, hai concellos que si o introducen dentro do Plan Normativo con toda naturalidade.

Logo nos preocupa tamén, sabemos que hai o índice, polos menos nós buscamos na web do Concello creo que si é unha fonte de información bastante boa, hai un índice pero sería bo visibilizalo, que fora accesible para xente, entendo que co Plan Normativo se fará máis accesible ese índice. Logo nos preocupa que no ano 2018 polo que vemos aquí, agora si que o podemos saber, non esperar á proposta de modificación das ordenanzas, entendemos que hai ordenanzas que son importantes ou polo menos que se leva dicindo moitos anos que se van modificar como por exemplo a ordenanza reguladora de terrazas, que entendemos que tampouco no ano 2018 porque non está incluída aquí como unha posibilidade de ordenanza a modificar, entendemos que outro ano máis unha ordenanza completamente desfasada, unha ordenanza que se incumpre de maneira reiterada por gran parte dos negocios hostaleiros, unha ordenanza ademais que non regula o establecemento de terrazas permanentes, tampouco se vai a modificar e entendemos que practicamente ningunha das ordenanzas municipais, non digo as fiscais, pero si as ordenanzas reguladoras que funcionan en réxime, tamén nalgúns casos, de regulamento que non se van modificar e nós pensamos que unha vez que teñamos habilitado esa fórmula sería bo logo non vir ao Pleno a dicirnos que se está preparando unha ordenanza de terrazas, que estamos a traballar nel e todo este tipo de cousas que dende logo ao final co Plan Normativo é que os imos pillar nas patacas porque imos saber cun ano de antelación polo menos, as modificacións que se queren facer de ordenanzas e regulamentos.

Nós imos votar favorablemente, entendemos que forma parte da administración do século XXI, chegamos case moi xustos pero benvida sexa e que sirva de que a cidadanía poida opinar sobre determinados regulamentos antes de que estes se modifiquen.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Pois efectivamente o que se propón hoxe aquí, o que traen aquí, este Plan Anual Normativo non é algo que se traía porque sexa iniciativa deste goberno municipal que parecía que isto inventárono vostedes como sempre, isto ven porque dio unha lei e hai unha obrigatoriedade legal de dar e de facer un Plan Anual normativo do Concello, efectivamente porque tódalas administracións e así o estamos vendo en tódalas modificacións das leis que se están a facer nos últimos anos que afectan á actividade da administración, tanto á actividade ordinaria, ao procedemento administrativo como á actividade contractual ou como á propia normativa de

transparencia, é a onde leva que hai que regularizar, hai que reordenar e sobre todo hai que aumentar a transparencia das administracións públicas e evidentemente e moi importante que os cidadáns poidan saber que normas van elaborar as diferentes administracións en cada un dos anos, e polo tanto, é unha gran oportunidade pero temos que lamentar que o que supón unha gran oportunidade para os gobernos e para as administracións públicas e neste caso para o Concello de Vigo non se soubo aproveitar dende o noso punto de vista neste Plan que agora se nos presenta e unha vez máis o que tanto publicita este goberno de que imos a velocidade de cruceiro, de que con tantos concelleiros non ía haber ninguén que nos pare, o que vemos é con absoluta decepción, esta proposta, porque se limita a unha nova ordenanza, por certo, de administración electrónica que tamén é unha obriga legal, tampouco é algo que estea saíndo deste Concello e modificar outra ordenanza, esa é toda a actividade normativa que vai facer por parte deste Concello no ao 2018? parécenos absolutamente insuficiente e non xa porque pensemos que temos unhas algunhas ordenanzas que teñen 25 anos como por exemplo a de servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo, do ano 1993, case 25 anos, e vostedes non pensan modificala para o ano 2018, ou a ordenanza xeral de circulación tamén do termo municipal, non xa porque non inclúan, insisto, ordenanzas que están absolutamente desfasadas, senón porque nin sequera recollen neste plan as ordenanzas que vostedes mesmos levan anunciándonos como inminentes dende hai moitos anos e en especial esta lexislatura, e xa o dicía o voceiro de Marea de Vigo, onde está a ordenanza de terrazas? E que non imos ter unha nova ordenanza de terrazas no ano 2018? cos veciños pedindo e esixindo esa ordenanza e co compromiso persoal do concelleiro o Sr. Font de que habería de forma inminente unha ordenanza de terrazas, estanos a dicir aquí que no ano 2018, tampouco? Parécenos bastante sorprendente, como nos parece sorprendente que tampouco nos atopemos a ordenanza que regula a publicidade exterior no termo municipal de Vigo que vostedes dixeron que ían modificar, entre outras cousas para adaptala á rotonda que xa fixeron con publicidade e para que vaíamos da man, entón esa normativa íase facer, se ía modificar e agora está parada, non entendemos porque non está neste plan que agora nos presentan.

Tamén votamos en falla a modificación da ordenanza de protección e tenencia de animais que tanto falamos este ano dela, a noso xuízo fíxose unha modificación absolutamente insuficiente porque queremos que Vigo sexa referente no coidado da protección dos animais, prometeuse unha modificación da ordenanza posterior cando entrara en vigor a Lei de benestar animal aprobada polo Parlamento de Galicia e vai

entrar en vigor a lei no ano 2018 e vemos que tampouco prevén modificar a ordenanza no ano 2018, co cal non é xa que lles pidamos que inclúan máis proxectos normativos, o que simplemente esperamos e lles pedimos é que cumpran cos seus propios compromisos, e que podamos ver reflectido neste documento esas ordenanzas que vostedes dixeron que eran inminentes que vemos que nos imos ir ao 2019 sen ningunha regulada.

Por iso, para nós é insuficiente, é unha oportunidade perdida, unha oportunidade que da a lei, perdida se isto é así o que van facer e nós evidentemente non imos apoiar este Plan.

SR. PARDO ESPÍÑEIRA: Señores de Marea, comprenderán que o que se está a falar aquí son de ordenanzas, o que ten que ver con materia de Planeamento, farase coas modificacións de Planeamento, loxicamente.

Sra. Muñoz, o Plan é permeable, non é inmutable, se hai como agora saíu a Lei de contratoshaberñá que adaptar ordenanzas, non se preocupe que se fará pero o máis importante do que fala o Plan son normas para rexer a vida dos cidadáns para darlles calidade de vida, para non encheiros, non se trata de aprobar normas por aprobar, Vigo ten 48 ordenanzas, por certo, de terrazas e algunha máis das que fala, pero todo isto ten que ver coa calidade de vida e coa relación á transparencia que son as normas que rexen a vida dos cidadáns. Transparencia Internacional ano 2017, eu creo que con isto resúmolle todo o que é a vida política municipal e a xestión dun concello, pero referente en España.

Se puntúan 110 concellos de España, a puntuación media en Galicia son 83 puntos, Santiago de Compostela 91 puntos, Ferrol 83 puntos, A Coruña 83 puntos, Pontevedra 78 puntos, Ourense 71 puntos, Lugo 71 puntos, Vigo 98,8 puntos, pero por sectores voulle informar que en transparencia activa á información a media xeral é de 92 puntos, puntuación de Vigo 95,2 puntos; en páxina web relación cos cidadáns e a sociedade e participación cidadán, o que dicía o señor de Marea, a media xeral son de 90 puntos, Vigo 100 puntos; en transparencia económica financeira, o que vostedes din que este é un Concello saneado, o é, con débeda cero é un Concello moi saneado, a media xeral en transparencia económica financeira é 93 puntos, Vigo 100 puntos; en transparencia nas contratacións, que se lle enche a boca falando disto, transparencia en convenios, subvencións, en custos dos servizos, a media xeral é de 85 puntos, Vigo 100 puntos; en transparencia en materia de urbanismo, Sr. Pérez, obras públicas e medio ambiente a media xeral é de 86 puntos, Vigo 100 puntos; en dereito ao acceso á información a media xeral é de 86 puntos, Vigo 100 puntos, comprenderán que ante

isto non hai moito máis que dicir, creo que queda claro o que é a boa xestión e a transparencia. Por certo, en canto a comunidades autónomas a media xeral é de 94 puntos, Sra. Muñoz, a Xunta de Galicia ten 91 puntos, por debaixo da media, ocupa o posto 13 de 17 se queren saber como se xestiona ben que chamen a Vigo.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e cinco votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar o Plan Normativo Anual correspondente ao ano 2018 no que se inclúen as seguintes normas:

Ordenanza de Administración Electrónica do Concello de Vigo.

Ordenanza Municipal reguladora do contido, organización e funcionamento do Rexistro Municipal de Solares e Edificios a rehabilitar.

Regulamento do Tribunal Municipal Especial de Contratación.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

4(185).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A AUMENTAR AS TRANSFERENCIAS E SUBVENCÍONS QUE REALIZA AO CONCELLO DE VIGO ATA IGUALALAS EN TERMOS PER CÁPITA COA CIDADE QUE RECIBA A MAIOR ACHEGA E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1656/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de novembro de 2017, número 1656/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Unha vez que o presidente da Xunta de Galicia, Sr. D. Alberto Núñez Feijóo, anunciou o comezo de elaboración dos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2018.

Adoita ser difícil coñecer con exactitude as cifras de Transferencias e Subvencións da Xunta aos concellos que se materializan en axudas, convenios, etc Non así as relativas a investimentos na cidade de Vigo que son 0 euros. Pero recentemente, por declaracións do Presidente da Xunta, coñecemos o Informe de Fiscalización da conta xeral o correspondente ao ano 2015 ao Consello de Contas de Galicia. A denuncia permanente deste Goberno Municipal, de discriminación cara á cidade de Vigo queda patente no dito informe. A media galega, de transferencia ás cidades por parte da Xunta, está en 91 euros/habitante. No caso de Vigo é de 30.97 euros. As cifras falan. A media das seis cidades principais, excluindo Vigo é de 51 euros/habitante. É dicir, Vigo está un 40% por baixo do resto das cidades principais de Galicia. É moi significativo que Vigo reciba a terceira parte que Santiago, por exemplo. Isto no relativo ao apartado de Transferencia e Subvencións.

No caso de sumar este apartado co de Investimentos, as diferenzas serían abismais e a cidade de Vigo estaría fora de toda estatística, porque os investimentos da Xunta en Vigo son de 0 (cero) euros. Neste apartado de Investimentos, a cidade de Vigo ven reiterando dende hai anos unha relación importante e extensa de investimentos pendentes na nosa cidade que venen sendo desatendidas ano tras ano:

-Atención ao transporte aéreo e promoción exterior de Vigo.

-Centros de Saúde. O de Bouzas segue pechado malia a cesión do terreo por parte do Concello.

-Acceso á AP-9 dende a rúa Buenos Aires.

-Aparcamento do Hospital Álvaro Cunqueiro gratuito para cidadanía e persoal do centro sanitario.

-Reforma integral de Balaidos.

-Vias de titularidade autonómica (AG-67 enlace VG-20 a Baiona; Avenida de Galicia; Avda. Ricardo Mella: Rúa Arquitecto Gómez Román e rúa Canido; Avenida de Castrelos-Estrada de Valadares; Estrada de Zamans. Avenida da Florida-Estrada de Camposancos; Avenida de Ramón Nieto e Avenida de Ponche).

-Infraestruturas educativas (reforma e ampliación de colexios).

-Infraestruturas deportivas.

-Bolsas de comedor en centros de educación infantil e primaria.

-Accións en Política Social.

-Plans de Emprego.

-Apoio AVE por Cerdedo.

-Paseo e conca do Río Lagares

Por estes motivos. Decidimos

- Instar á Xunta de Galicia a aumentar as transferencias e subvencións que realiza ao Concello de Vigo ata igualalas en termos per cápita coa cidade que reciba a maior achega.

- Instar á Xunta de Galicia a acometer os investimentos na cidade de Vigo que foron reiteradamente demandadas nos últimos anos e que figuran nesta declaración.”

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Esta é unha moción en defensa da cidade, é unha moción evidentemente a noso entender difícil de rexeitar para calquera porque é unha obviedade pero como non defenderse ante un trato discriminatorio como o que a Xunta de Galicia somete a esta cidade, como non reivindicar a igualdade de trato cos datos que damos neste moción na súa exposición de motivos sobre os ratios recoñecidos na Conta Xeral do 2015, un documento oficial do Consello de Contas de Galicia. Por iso é o que facemos aquí nesta moción, reivindicar unha serie de obras, de actuacións que forman parte de compromisos e de reivindicacións desta cidade. Seguro, e témome que é previsible que o Partido Popular de Vigo diga que se inviste moito en Vigo, que nunca se investiu tanto e fale dunhas cifras que ninguén coñece e que non se poden xustificar, pero iso non é o que perciben os cidadáns, os cidadáns saben que punto por punto desta relación é real, que esta relación significa carencias desta cidade, de cuestións absolutamente neceseráis que veñen de tempo atrás e que non foron satisfeitas e que no foron cumpridas polo goberno do Sr. Feijóo e, os cidadáns por

contra, se saben que se atenden a outras cidades, exemplos como o do Parrote en A Coruña, exemplos como o do acceso a Gaiás, axudas e subvencións en cultura agora que estamos co tema Marco en concreto son cuestións que os cidadáns perciben e que por iso hai esa sensación de trato discriminatorio.

É evidente o resumo da situación na que nos atopamos, o goberno desta cidade, o seu Alcalde, defendendo a esta cidade e lamentablemente o Partido Popular de Vigo non neste mes nin no ano anterior, senón de forma permanente defendendo ao Sr. Feijóo, defendendo que todo se pague nesta cidade e non atendendo ao que realmente necesitamos, pero ollo, defender ao Sr. Feijóo é ir en contra desta cidade, dígoo eu, é verdade é afirmámolo en moitas ocasións, pero tamén dino os cidadáns e é aí onde nos vemos, e é aí onde temos que ver o que vai votar o Partido Popular sobre esta moción, Partido Popular ten que dicir entre outras moitas cuestións das que propoñemos aquí se está de acordo en que se atenda ao transporte aéreo e á promoción exterior de Vigo, se está de acordo en que os centros de saúde que se prometeron en campañas electorais por parte de Xunta de Galicia vansen atender, aí está, á vista de todos o solar no que debería haber un centro de saúde en Bouzas, pero tamén e logo falaremos da AP-9, do acceso por Buenos Aires, tamén falaremos do aparcadoiro do Álvaro Cunqueiro e das infraestruturas educativas que soen ser motivo de debate neste Pleno que é unha competencia evidentemente da Xunta de Galicia que se propuxo dende este goberno as necesidades que se teñen en materia educativa, e que non se atenderon. Pero tamén, accións en política social, seguimos reivindicando que cando menos o que figura no noso orzamento para atender a política social sexa atendido como mínimo na mesma cantidade pola Xunta de Galicia, canto melloraría e dixémolo en reiteradas ocasións, a situación de política social nesta cidade se este reivindicación mínima, lóxica se atendera por parte da Xunta de Galicia, e como isto por moitas máis cousas que propoñemos nesta moción. O que pasa é que para o Partido Popular esta cidade é a batalla de tódalas batallas, o propio vicepresidente da Xunta de Galicia o Sr. Rueda, di que poden recuperar alcaldías na provincia de Pontevedra, a verdade é que eu dubído, pero xa el afirma, e xa é o máis importante que o de Vigo vai estar absolutamente imposible, o lamentable é que por esta política partidista, os cidadáns de Vigo sofren, sufrimos trato discriminatorio e é o que pedimos nesta moción e a ver quen é o que di que está en contra do que solicitamos punto por punto.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Hai dúas cuestións políticas nesta moción nas que a Marea de Vigo pode estar de acordo. A primeira, que os concellos están perfectamente

lexitimados para demandar a outras administracións as actuacións que consideren convenientes, dos concellos deste país deben saír debates políticos que por competencias mellor ou peor organizadas, se dean noutras administracións, non nos enganemos, todos e cada unha das demandas que vostedes poñen na súa exposición de motivos, son demandas políticas o raro sería o contrario, estamos no que debería ser o máximo órgano político desta cidade, e como xa ten expresado este grupo neste Pleno as infraestruturas teñen un profundo fondo político e moitas veces poucos criterios técnicos e ás veces tamén, criterios técnicos que son ignorados.

A segunda, é que as cifras cantan, se facemos o calculo das sete cidades galegas máis grandes, Vigo é a que menos fondos por habitantes recibe da Xunta de Galicia, segundo un informe de fiscalización, recibimos por exemplo 7 euros menos que Lugo, sendo este un dos exemplos menos escandalosos, pero é que non debemos errar aquí o tiro, non é nin moito menos cuestión de abrir unha absurda guerra localista entre cidades galegas que con tódalas súas diferencias políticas e sociais, teñen o deber de cooperar fraternalmente, a cuestión é a que Xunta de Galicia ten que explicar que modelo de país está a fomentar e dende logo sen querer nin moito menos, menos prezar a calquera cidade, vila ou pobo deste país, Vigo non está a ser tratado xustamente neste reparto de fondos e a Xunta de Galicia debe dar explicacións.

Agora ben, vostedes meten dúas propostas de acordo nesta moción, sendo a segunda a acometer os investimentos que figuran na exposición de motivos desta moción, aí teñen que comezar os matices para a Marea de Vigo. Hai actuacións que piden vostedes que tamén foron demandadas pola Marea de Vigo a través do grupo parlamentar de Marea por exemplo, o centro de saúde de Bouzas, non imos entrar a fondo na nefasta política sanitaria do goberno do Partido Popular, basta con dicir que a centralización dos servizos sanitarios para aforrar custes ten consecuencias directas na atención ás doentes e que o centro de saúde de Bouzas nin está nin se espera, a conversión en tramo urbano da AP-9 dende Bos Aires, infraestruturas educativas insuficientes con especial atención as escolas infantís e ao novo Instituto de Navia, agora só temos parches de miseria como unha zonificación que non pensa no alumnado senón no aforro de recursos económicos, accións en política social cunha cantidade de fondos por parte da Xunta de Galicia ridícula para a Risga, tendo en conta o número de persoas demandantes na cidade de Vigo, acción cultural con mención especial ao Marco, o museo máis visitado con gran diferenza da nosa cidade polo menos ata este momento e xa veremos no futuro e algunhas que non estarían nesta moción como investimentos para o futuro do edificio policlínico Cíes, auditoría da Edar, ou a esixencia da execución dos fondos para o Ifevi.

Máis claro, o que vostede meten aquí son as reivindicacións do PSOE de Vigo, reforma integral de Balaídos, a nosa postura é ben coñecida, propiedade municipal, arranxo municipal e recuperación de investimento a través de canón, apoio ao AVE por Cerdedo, ímonos xubilar tódalas concelleiras que estamos aquí hoxe e non sei se veremos este tramo feito, hai que valorar outras alternativas; 2.230 millóns de euros para aforrar 20 minutos, xa hai expertos advertindo que o aforro de tempo so é polo menor tramo de vía, haberá que explorar o AVE por Mondariz ou a liña do Miño e non medamos o fume de Cerdedo, estase dando o feito de que o AVE está matando ao tren, España é o segundo estado do mundo en quilómetros do AVE e como é posible isto? Pois, porque abandonamos totalmente outras infraestruturas, igual ou máis necesarias.

En resumo, poden vostedes enviar á Xunta de Galicia unhas peticións do PSOE de Vigo ou poden buscar un acordo máis amplo no que poidamos coincidir, se retiran vostedes o segundo punto do acordo desta moción ou se abrimos un pequeno diálogo para eliminar algunhas das peticións e engadir outras, terán o noso voto favorable, senón o retiran pois a Xunta de Galicia recibirá unha comunicación do PSOE de Vigo reiterando as demandas que xa fixo o seu grupo parlamentario, sería máis positivo que recibiran un documento conxunto e cun apoio máis amplo, pero depende de vostedes.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Antes de comezar primeiro un matiz preguntarlles se leron vostedes a moción, a exposición de motivos porque ademais de ter infinitivas fallas de ortografía, iso é matiz xa moi persoal, a verdade é que non se comprende é un corta pega dun parágrafo dunha noticia do xornal que limos, con algunha engádeda polo medio e un corta pega dunha moción que presentaron hai pouco tempo co listado de sempre que ademais hai moitas cousas xa que están moi superadas, polo tanto, Sr. Aneiros que non está presente que é o que asina esta moción que a lea porque a verdade vai quedar bastante en evidencia.

Imos ao tema, vostedes deixan por escrito na exposición de motivos que a Xunta de Galicia inviste cero euros en Vigo e quédanse tan anchos, iso é completamente falso, e sábeno ben e sábeo ben tamén a concelleira de Urbanismo que estivo presente hai tan só dous días e incluso interveu no acto da presentación da Cidade da Xustiza e que é unha infraestrutura, modificación que vai estar costeada 100% pola Xunta de Galicia e que van supor 30 millóns de euros nesta cidade, é unha transformación absoluta no centro, é unha petición da xustiza, iso para comezar. Poderíamos seguir porque en política social que falouse aquí de política social, van 68 millóns de euros e

así poderíamos seguir ata 177 millóns de euros presupostados neste orzamento este ano para Vigo.

Polo tanto, mentres vostedes falan de votos, sempre falan de votos, nós falamos de euros e de feitos porque este listado, a verdade, caese polo seu propio peso ao estar xa orzamentado nos orzamentos da Xunta de Galicia.

Imos ao tema da suposta discriminación que vostedes din das diferentes cidades, hai que explicar aquí que as transferencias que fai a Xunta de Galicia son as transferencias de financiamento nun primeiro punto como fondo de cooperación local que son 7 millóns de euros, hai que dicir que este Concello recibe tódolos anos da Xunta de Galicia 7 millóns de euros que non sabemos en que os gastan nin en que os inviste, poderíamos pedir explicacións pero non sabemos, tamén é bo que os cidadáns saiban que o Fondo de Cooperación Local son 7 millóns de euros e as transferencias de carácter rogado, como as subvencións en concorrencia que se levan os mellores proxectos, os que presenten máis gasto financiado, que se execute, ou os proxectos de eficiencia enerxética ou axuda no fogar de dependencia.

Polo tanto, hai que ver que as veces se Vigo non recibe todo o que merece é porque este Concello non concorre, o 80% das peticións que tería que facer a Xunta de Galicia para que pagara subvencións, o Concello non as fai, pasa de todo, fai as cousas como redactar esta moción eu entendo agora claramente que non poidan concorrer ou que non reciban neste Concello e polo tanto, que repercuta en tódolos cidadáns de Vigo tódalas cantidades que se merecen porque a verdade é que teño que lembrar que no bipartito houbo un ano que os cidadáns vigueses, a cifra máis baixa de renda per cápita para Vigo foi un goberno bipartito, polo tanto, vostedes teñen que facer un pouco de memoria, deixar de quitar tanto peito e a min empeza a soarme ese España nos rouba de Cataluña do Sr. Puigdemont, a Xunta de Galicia nos maltrata do Sr. Caballero aquí en Vigo, permanentemente esa cantinela, sabendo claramente ademais que non é así, é que esta moción, eu levo seis anos de concelleira, poderían dicir que creo que debatemos este texto tal e como está redactado seis ou sete veces, como mínimo, entón xa chega un momento en que hai que poñer as cousas enriba da mesa e saber cales son os investimentos da Xunta de Galicia porque vou comezar a falar de investimentos da Xunta de Galicia, xa dixen que son 30 millóns de euros na Cidade da Xustiza, 68 millóns de euros en política social, 23 millóns de euros en educación, e así poderíamos seguir o centro de saúde de Bouzas, do que tanto falan, xa está presupostado, imos seguir polo listado que vostede presenta aquí, o hospital Álvaro Cunqueiro, un investimento da Xunta de Galicia e unha infraestrutura fundamental para esta cidade, fala dos viais que a Xunta de Galicia atende perfectamente, fala de

infraestruturas educativas como dixen deportivas, as bolsas de comedor, as escolas infantís, a política de acción cultural pero é que vostedes cren que a xente vive noutro mundo, e nós neste caso non podemos aceptar que unha vez máis, aínda por enriba sen prestar ningunha atención aos investimentos que se están a facer por parte da Xunta de Galicia en Vigo, segan con esa cantinela porque Sr. Font, creo que esa España nos rouba do Sr. Puigdemont, está comezando a soar a Xunta nos maltrata do Sr. Caballero e mira onde están os cataláns. Isto non é así, 177 millóns de euros neste ano da Xunta de Galicia para Vigo, quédense coa cifra porque falan de votos pero non falan de euros, e os euros son importantes.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Jácome, non é a proposta do Partido Socialista, que o é como moción, todas estas demandas é a petición da cidade.

Sr. Egerique, e so seguiremos debatendo, leva seis anos e o seguiremos debatendo porque non contestou a unha por unha das cuestións que se propoñen aquí e eu prefiro cometer fallas de ortografía a cometer un erro tan fundamental como o de vostede de dicir que o hospital privado de Vigo é un investimento, non e parece mentira que vostedes o digan, pero fala de cantidades o Sr. Feijóo o outro día na presentación da Cidade de Xustiza recoñeceu que Vigo ía ser a última cidade en ter investimentos en infraestruturas xudiciais, pero canto tempo hai que teñen Cidade da Xustiza pagada pola Xunta de Galicia no resto de Galicia e vostedes aquí estiverono negando sistematicamente? En vez de dicirme o que invisten en Vigo, segundo vostede, dígame o que invisten en A Coruña e noutras provincias; e logo, claro, é tremendo o que vostedes falen dunha cifra que engloba os salarios de médicos, de persoal da residencia e demais, a ver, 177 millóns non, igual son 440 millóns. Miren, aquí hai unha cuestión fundamental, a primeira conta que hai que facer é o que a vostedes lles corresponde como Xunta de Galicia, descontando iso que é unha obriga porque de todo o que me falou son obrigas, claro, se non lle van pagar o salario aos médicos ou xuíces, pois bos estaríamos, non, é que a conta e ao revés, dicir despois de pagar o que corresponde todo o que reivindica esta cidade e xa vin que se quitaron definitivamente a careta, unha frase que lle encanta a outra persoa do seu grupo e é que non están de acordo en que esta cidade reivindique un por un estes puntos e logo, que teño pouco tempo, moi preocupante, o da alusión ao Sr. Puigdemont é un insulto a esta cidade, nós defendemos a esta cidade con cuestións concretas, isto non vai política separatista e non vai de localismo o que pasa é que entre este bando que defende á cidade e aquel bando que defenden vostedes ao Partido Popular hai unha diferenza, o máis insultante que oín ultimamente é o discurso do Sr. Feijóo do 17 de

novembro deste ano no Círculo de Empresarios, veu a insultar a esta cidade e xa vexo que é unha estratexia porque vostedes están na mesma liña.

VOTACIÓN: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e oito abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 24.11.2017 (Rex. Nº 1656/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

5(186).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DE ESPAÑA A GARANTIR O MANTEMENTO DO PODER ADQUISITIVO DE TÓDALAS PENSÍONS PÚBLICAS DO SISTEMA DURANTE O ANO 2018. REXISTRO PLENO 1657/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de novembro de 2017, número 1657/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Marra Dominguez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A Constitución Española, artigo 50, esixe dos poderes públicos pensións adecuadas e periódicamente actualizadas, que garantan a suficiencia económica dos cidadáns tralade de xubilación.

Na actualidade, esa actualización das pensións réxese polo denominado ?Índice de Revalorización de Pensións? cuxo desenvolvemento vén contido na Lei 23/2013, de 23

de decembro, o cal establece unha fórmula polinómica complexa que, na práctica, redúcese a un incremento anual das pensións do 0,25%.

Este criterio de actualización que o desvincula da evolución do IPC, provocou unha importante perda de poder adquisitivo dos pensionistas españois no ano 2017, cunha depreciación pola vía de facto que podería chegar ao 1,75% si o IPC pecha no 2% que é a que manexa o BCE (situouse no 1,8% en setembro de 2017).

Esta situación é si cabo máis preocupante e perjudicial en Galicia ao contar cunha cuantía de pensión situada entre as máis baixas de España, en media sitúase en 768,5 euros en decembro de 2016, a segunda menor cuantía de España (moi lonxe dos 919,55 Euros de promedio estatal). En 2017 para preto de 757.579 galegos que viven dunha pensión pública en Galicia, a actualización media subiu menos de dous euros mensuales (1,9 euros), cando de acordo co incremento IPC debería superar os 15 euros ao mes para que o pensionista non perdese poder adquisitivo, polo que o crecemento das pensións foi case 8 veces inferior.

Con respecto ás perspectivas futuras, todos os estudos existentes son pesimistas e coinciden en que de non modificarse o marco legislativo de actualización (de limitar a subida das pensións ao mínimo anual do 0,25% durante varias décadas como resultado do Índice de Revalorización Pensións), as próximas xeracións de maiores estarán formadas por pensionistas pobres. Por exemplo, o recente informe do FMI sobre a situación da economía española vaticina que un traballador que se xubile este ano verá reducir ata un 30% o poder adquisitivo da súa paga durante a súa xubilación (que calculan sobre un periodo medio de 20 anos).

Ademais, os pensionistas do futuro notarán tamén o efecto negativo do factor de sustentabilidade que entrase en vigor en 2019 e que reducirá a cuantía inicial das prestacións para adaptala á esperanza de vida e que segundo o FMI reducirá nun 10% a pensión de quen se retire dentro de 20 anos con respecto a quen o faga este ano.

En consecuencia, é urxente unha reforma do sistema que teña en conta para a actualización destas prestacións a evolución dos prezos (IPC), corrixindo a agravante perda de poder adquisitivo dos pensionistas que podería incrementarse, de non corrixirse esta situación, nos próximos anos.

Por todo iso, propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

-Instar ao Goberno de España a garantir a efectividade do dereito ao mantemento do poder adquisitivo de todas as pensións públicas do Sistema durante o ano 2018, aplicando desde o 1 de xaneiro unha subida igual ao IPC prevista para devandito ano."

DEBATE:

SRA. MARRA DOMÍNGUEZ: A moción que traemos a este Pleno ten por obxectivo corrixir unha situación de inxustiza social, a situación de inxustiza social que están a sufrir os pensionistas deste país, unha situación que vulnera principios fundamentais

sobre os que se asenta o noso sistema público de pensións e que está a levar a unha situación de risco de pobreza e de exclusión social aos pensionistas do noso país.

Como vostedes saben o artigo 50 da Constitución, esixe aos poderes públicos pensións dignas, adecuadas, periodicamente actualizadas que garantan a suficiencia económica dos cidadáns tras a idade de xubilación. Unha suficiencia económica que foi o obxecto dun gran pacto político que se fixo no ano 1995 e que deu lugar ao Pacto de Toledo, un pacto que se está a vulnerar por parte do Partido Popular e que estano a facer a través dunha lei, a Lei 23/2013, que regula o índice de revalorización das pensións, o cal establece unha fórmula polinómica complexa que na práctica se reduce a un incremento anual constante das pensións do 0,25% e que foi aprobado polo Partido Popular en solitario e ao marxe do Pacto de Toledo. As consecuencias son claras, a primeira, desvincular a subida das pensións do índice de custo da vida, chegamos así a unha situación inédita, ata agora só Lituania era o único país Europeo que desvinculaba a subida das pensións da subida da carestía da vida, agora tamén España se parece a Lituania en ser o único país que aplica esta medida. E tamén hai unha consecuencia inmediata e é a perda de poder adquisitivo dos pensionistas deste país, así no ano 2016 os pensionistas perderon o 1,35% da capacidade de compra, no 2016 o IPC sitúose ao finalizar o ano no 1,6%, polo que o crecemento das pensións foi máis de seis veces inferior. Unha situación que de non corrixirse podería agravarse nos próximos anos, de feito para o ano 2017 de finalizar o IPC no 2%, como se fan as estimacións de acordo con Banco Central Europeo, a perda de poder adquisitivo dos pensionistas situaríase no 1,75% e se isto se segue prolongando o sistema vai camiñar sen rede de protección o que faría que en 10 anos a caída das pensións sería do 15% ou en 20 anos se podería chegar incluso ao 30%, en definitiva, un futuro de pensionistas pobres, e non o dicimos nós, dino tódolos estudos, de feito o INE mide o que chaman o umbral de pobreza que está situado no 2016 en 8.209 euros, só en cinco anos tódolos pensionistas que están por enriba de 605 euros van a pasar a situarse por debaixo deste índice de risco de pobreza, e iso se temos en conta que sería a situación aínda máis agravante, se temos en conta mulleres e mozas, ou se temos en conta tamén pensións de orfandade ou de outro tipo o cal a situación sería aínda máis preocupante.

Esta situación agrávase aínda máis se temos en conta o factor de sostenibilidade, como vostedes saben utilízase para reducir pensións en función da esperanza de vida, este factor, se cabe aínda, incorpora máis inxustiza total e absoluta aos futuros pensionistas do noso país. É por iso que nestas circunstancias comprenderán que a única saída é a derogación da Lei 23/2013, sen embargo non vimos a pedir isto neste

Pleno, o que si vimos a pedir é algo máis razoable e é que na medida que teñen bloqueado o Pacto de Toledo se garanta a efectividade do dereito ao mantemento do poder adquisitivo de tódalas pensións públicas do sistema durante o ano 2018, aplicando dende o 1 de xaneiro unha subida igual ao IPC prevista para dito ano. Se espera que as estimacións sexan que finalice ese ano cun 1,6% de incremento do IPC ao finalizar 2018, polo tanto, o que estamos a pedir é unha medida de xustiza social e polo tanto, que se garanta a suficiencia e a solidariedade aos nosos pensionistas.

SR. PÉREZ CORREA: Nós estamos de acordo, forma parte tamén do que temos expresado no Congreso dos Deputados sobre esa medida perniciosa que no ano 2013 se introduciu no calco da revalorización das pensións, eliminando a referencia do IPC e convertindo a perda de poder adquisitivo dos pensionistas nunha realidade económica, pero tamén é certo que exposición de motivos aquí se propón un escenario de felicidade absoluta dos xubilados/as ata o ano 2013, aquí no ano 2011 gobernando o Partido Socialista pasaron cousas que tamén explican a perda de poder adquisitivo dos pensionistas deste país, a reforma do ano 2011 entre outras cousas, cito textualmente “modificou as normas de calco da base reguladora, adiou a posibilidade de xubilarse a xente aos 67 anos” e introduciu un perigoso precedente, que é saltarse, dinamitar determinados acordos do Pacto de Toledo por parte do goberno socialista e o Partido Popular o único que fixo é seguir a senda da modificación de acordos importantes que se fixeron neste país en materia de pensións, tanto entre os partidos políticos presentes no Congreso de Deputados, como as organizacións sindicais e incluso algunha ocasións a patronal tamén se civilizou e funcionou correctamente entre o Pacto de Toledo.

Ogallá a proposición de lei que o grupo parlamentario no Congreso de Unidos Podemos en Marea presentou, non tivera o veto do Partido Popular porque entón se que debateríamos sobre unha cuestión que para nós é evidente, hai que facer algo coa lei, dicir “non, non queremos derrogar a lei”, o problema é a lei, o problema son as reformas laborais que logo van consolidando determinadas prácticas en materia de pensións, algunhas aprobadas polo Partido Socialista e outras aprobadas polo Partido Popular, non é só a cuestión de calcular o IPC, que as pensións se revaloricen en canto ao IPC, cousa que estamos de acordo, creo que a maioría parlamentaria agás o Partido Popular e cremos que o Partido Ciudadanos tamén está nesa órbita de que todo o mundo nos subscribamos un Plan de Pensións privado, pero si que é certo que aquí fallan moitas cuestións que xustifican esa perda de poder adquisitivo dos pensionistas que non se explican exclusivamente simplemente porque se indexe ou non o IPC de

maneira lineal. Acabamos onte, non sei se onte ou hoxe, de pedirlle ao Partido Popular que non estableza o veto a esa proposición de lei, o mesmo Partido Popular que onte chegou tarde 4 minutos a establecer o veto a outra lei de Unidos Podemos en Marea que se chama esa lei que permita modificar o teito de gasto, utilizar o superávit en cuestións sociais como pode ser por exemplo un centro cívico ou un centro de día, por desgracia non chegou tarde o Partido Popular ao veto a esa proposición de lei sobre a reforma das pensións, pero acabamos de pedirlle un recusatorio tamén á Mesa do Congreso para que se debata, porque hai que debater varias cousas, hai que debater a idea de xubilación, non estamos de acordo cos 67 anos, hai debater a base reguladora, como se calculou as normas de cálculo desa base reguladora, modificada polo Partido Socialista e ese aumento de anos cotizados para alcanzar o 100% das pensións modificada polo Partido Socialista, e sobre todo que dicían naquela altura, ano 2010, que había que facer uns xestos mercados, isto dito polo Partido Socialista, e dentro dese xesto aos mercado estaba as pensións. Polo tanto, leccións do Partido Socialista sobre cuestións en materia de pensións, ningunha porque entre outras cousas o Pacto de Toledo é un pacto roto, entón pregúntelle aos seus ministros de economía que para facerlle un xesto aos mercados non só reformaron a Constitución para dicir que hai que pagar antes a débeda que aos pensionistas deste país, isto o dixeron vostedes e o Partido Popular, está nas hemerotecas independentemente de que traían aquí as tropas de asalto a facer o panoli. Esta é unha cuestión absolutamente, esta moción estamos de acordo e non estamos de acordo coa exposición de motivos, estamos de acordo coa moción pero obviamente aquí hai que abrir un debate serio e profundo sobre as cuestións que teñen que ver precisamente coa perda de poder adquisitivo dos pensionistas e nos gustaría que houbera mocións moito máis audaces que a cuestión do IPC.

SR. GAGO BUGARÍN: Está a cousa tensa, xa se percibe. Pero o certo é que antes de nada o que nos chama a atención unha vez máis é que vostedes teñen a posibilidade de facer e levar aquí reais de ámbito municipal que é a competencia que temos aquí os que aquí estamos elixidos e unha vez máis acostuman a traer cuestións onde non temos competencias directa. Igual que acostuman unha vez máis a non cubrir as catro mocións que vostedes teñen porque non lles interesa falar dos problemas que teñen os vigueses/as. Pero o certo é que cando falamos desta moción o que nos sorprende é que vostedes son bastante oportunistas, están aprendendo doutros partidos políticos que din unha cousa nun territorio e outra ao contrario noutro territorio, pero o certo é que nos resulta curioso da súa intervención Sra. Silva, vou falar brevemente de

vostede agora, que cando vostedes estaban no goberno, na novena lexislatura do Sr. Zapatero, resulta que vostedes votaban en contra Sra. Marra e a súa compañeira de bancada a Sra. Silva, votaban en contra ata en dúas ocasións das mocións presentadas polo Partido Popular para rogarlles que non conxelasen as pensións, concretamente o 26 de maio de 2010 a moción presentada pola que se insta ao goberno a eliminar as medidas derivadas previstas da supresión da revalorización das pensións, votou en contra a Sra. Silva e despois a moción pola que insta ao goberno a rectificar a súa decisión de non revalorizar as pensións contributivas para o ano 2011 votou en contra tamén a Sra. Silva. Polo tanto, cando vostedes traen aquí unha moción que critica e solicita que se aumenten as pensións cando o Partido Popular foi quen puxo fin á conxelación das pensións e quen garantiu mediante lei que as pensións sempre tiñan que subir aínda que sexa moderadamente, pois evidentemente nos fala da demagogia que teñen vostedes.

Miren, hai que falar de datos, e o certo é que esta é unha cuestión preocupante, pódolle asegurar que os que hoxe somos as novas xeracións do futuro estamos aínda máis preocupados se imos ou non imos ter pensións o día de mañá, e o certo é que os datos e os estudos sociolóxicos o que nos din é que hai un aumento significativo de esperanza de vida e o que nos di é que hai medio millón máis de xubilados hoxe que cando vostedes deixaron o goberno, pensemos o que iso supón a nivel de orzamentos. Por outra banda Sra. Marra, non hai mellor forma de garantir as pensións que xerar emprego, cando vostedes estaban no goberno, deixaron ao país con case seis millóns de desempregados, a única forma de garantir as pensións é xerando emprego, vostede sábeo ben. Polo tanto, nós despois de anos duros de crise podemos dicir a día de hoxe que estamos a subir as pensións precisamente porque estamos a xerar empregos, e xeramos máis de 2 millóns de emprego durante os últimos catro anos e estamos co obxectivo de xerar 20 millóns de emprego no ano 2020, ese é un dos motivos fundamentais porque a maioría dos cidadáns votan ao Partido Popular.

Por outra banda, Sra. Marra cando vostede da datos, eu creo que vostede da os datos que a vostede lle interesa porque eu lle falo de datos oficiais, da taxa de risco de pobreza relativa que é un dato oficial e o que nos di que cando vostedes estaban no goberno había unha maior porcentaxe de xente de máis de 65 anos que estaba en risco de exclusión social e sen embargo 5 ou 6 anos máis tarde hai menos taxa de risco de empobrecemento de maiores de 65 anos que a media da Unión Europea, vostedes estaban por enriba a Unión Europea e agora nós, o Partido Popular, estámolo deixando por debaixo da media da Unión Europea e iso son datos tamén do Eurostat. Despois hai medidas das que vostedes non falan, pero que a xente si que o recoñece

na rúa que por exemplo, aprobar un Plan Integral de apoio ás familias onde se permite que 125.000 mulleres que verán incrementadas un 5, un 10 ou un 15% da súa pensión en función de se teñen un fillo, dous fillos ou tres fillos. Polo tanto, Sra. Marra demagogia a xusta, vostedes conservan as pensións, vostedes votaron en contra de que lles rogásemos que non se conxelasen as pensións e agora veñen aquí a criticar no concello de Vigo que non ten competencia directa, que o goberno do Partido Popular está subindo as pensións.

SRA. MARRA DOMÍNGUEZ: Miren, señores de Marea, leccións ningunha, non nos teñen que dar ningunha lección e se algo nos sentimos orgullosos os socialistas é do sistema de pensións que deixamos neste país, moi orgullosos non sentimos porque miren, gracias a nós moitas das mulleres deste país que quedaban na absoluta indixencia percibiron pensións, pensións de viuvez e tamén aqueles que non cotizaron permitiron ter pensións dignas principalmente ás mulleres deste país. Polo tanto, leccións ningunha, somos conscientes de que fallan cousas nesta moción, por suposto, e que as cousas que fallan nesta moción se solucionan nas comisións do Pacto de Toledo que teñen bloqueadas o Partido Popular, polo tanto, somos moi conscientes de que fallan cousas pero o que estamos a esixir é moi humilde, só pedimos que se actualicen as pensións de acordo co IPC, algo que é xustiza social, o que reclamamos nesta moción é xustiza social.

Mire Sr. Gago, vergoñento é que fale vostede e que traia esta moción e que nos fale de oportunismo, que quere corrixir unha situación de inxustiza social, porque non sei que opinará vostede que en media, no ano 2017 se vaian a actualizar as pensións só nun 1,9 euros, polo tanto non chegaría nin sequera a dous euros, cando deberían ter subido 15 euros as pensións ao mes aos pensionistas deste país, é dicir, oito veces menos de pensión do que lle correspondería, esa é situación na que se atopan os pensionistas deste país. Polo tanto, é necesario esixir pensións dignas, é necesario dignidade no sistema de pensións. A verdade é que non teñen que darnos leccións ningunhas, tampouco do Partido Popular e paréceme ademais vergoñento que a Secretaria de Estado, a Sra. Irene Garrido, veña a estas alturas a dicirnos que as pensións son suficientes, que non perderon poder adquisitivo e que polo tanto non é necesario que neste momento se teña en conta a actualización das pensións de acordo co IPC aos pensionistas, paréceme realmente vergoñento, o que di a Secretaria de Estado ademais de Vigo a situación na que está deixando aos pensionistas deste país.

Condena rotunda neste senso á pobreza na que están deixando aos pensionistas, paréceme ademais miserable que se xogue cos pensionistas deste país porque se hai alguén que nestes momentos está sostendo a moitas das familias son os pensionistas, moitos deles están permitindo que moitas familias saian da pobreza.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e cinco abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 24.11.2017 (Rex. Nº 1657/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Marra Dominguez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

6(187).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A INICIAR OS TRÁMITES DO PROXECTO E EXECUCIÓN DA OBRA DE ACCESO DIRECTO Á AP-9 DENDE AV. BUENOS AIRES, ASÍ COMO O SEU FINANCIAMENTO. REXISTRO PLENO 1658/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de novembro de 2017, número 1658/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Dende hai tempo, este Goberno está a reclamar a conversión en vía urbana do treito da AP-9 na súa entrada/saída de Vigo, na zona de Teis. Logo de manter diversas

reunións con colectivos da cidade ao respecto, todos eles públicos, deuse a coñecer a solución reclamada en máis dunha ocasión a través dos medios de comunicación.

Con respecto á administración autonómica e no relativo concretamente a esta cuestión, xa no mes de marzo de 2016, o Alcalde de Vigo remitiu un escrito ao Presidente da Xunta de Galicia, reiterándoo en novembro do mesmo ano. Igualmente, demos traslado á Xunta de Galicia de dúas mocións aprobadas polo pleno da corporación en xullo e outubro de 2016. Todas estas demandas non tiveron contestación ningunha.

Tras máis dun ano, e logo dos catro documentos remitidos ao goberno autonómico, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda require a este concello unha proposta técnica a pesar de coñecer que as competencias sobre esta autoestrada non corresponden a este concello.

O acceso directo á AP-9 dende Buenos Aires forma parte do desenvolvemento estratéxico de Vigo e consideramos que ten que ser unha prioridade para a Xunta de Galicia.

Por todo isto, acordamos:

Por todo o exposto, proponse o seguinte,

ACORDO:

-Instar a Xunta de Galicia a iniciar os trámites do proxecto e de execución da obra do acceso directo á AP-9 dende Avenida Buenos Aires.

-Instar á Xunta de Galicia a financiar integramente a obra atendendo ao compromiso do presidente Feijóo de investir na nosa cidade.”

DEBATE:

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A verdade Sr. Pérez unha sociedade que respecta aos seus maiores é unha sociedade madura, democrática e avanzada, eu creo que hoxe vostede debería desculparse ante a sociedade que critica e ante a sociedade que interrompeu neste Pleno, diría moito de vostede porque en política non vale todo, non se pode descualificar ás veciñas/os desta cidade, cando non nos gusta o que nos din en democracia temos que sosegarnos e deixar transcórrense o Pleno, eu así o fago e eu creo que vostede perdería unha gran oportunidade se non se desculpa por esa actitude, con “c” e con “p”, as dúas, señor concelleiro.

A verdade é que aquí neste Pleno vimos a debater unha moción, vimos a defender a conversión da vía urbana da AP-9 en treito urbano, a entrada e saída de Vigo dende a zona de Teis, ten que ser urbana como xa levamos reclamando neste Pleno estes

últimos dez anos, para manter diversas reunións cos colectivos da cidade a este respecto, colectivos sociais, veciñais, empresariais da cidade que todos por unanimidade reclaman e piden á Xunta de Galicia que se faga esta iniciativa. Esta iniciativa que ten que ser competencia e impulso da Xunta de Galicia, igual que a acceso a Gaiás dende a AP-9 á cidade da cultura que vale máis de 6 millóns de euros, que está promovido pola Xunta de Galicia ou túnel de Parrote tamén unha solución de circunvalación da cidade de A Coruña por máis de 12 millóns de euros.

Como levamos debatendo isto durante moitos anos e Plenos, non só no Pleno do Concello de Vigo senón tamén no Parlamento de Galicia e en tódolos plenos que se debateron e que se reclamou maior investimento para Vigo, o Sr. Feijóo nun destes debates, dixo “que Vigo me faga unha proxección en concreto das circunvalacións que necesita e eu investirei cunha cifra similar á que estou facendo no túnel do Parrote”, Sr. Feijóo aquí ten unha oportunidade, estámolle reclamando que se converta en zona urbana o treito urbano que xa é urbano de feito da AP-9, na zona de Teis, porque Sanjurjo Badía non pode soportar nin un día máis os 850 camións que están a pasar a diario e que están autorizados a circular por este vial xa que non hai alternativa. Non podemos seguir castigando ao barrio de Teis con eses camións que pasan a diario por non ter unha alternativa para comunicarse con Chapela e Redondela. O Concello non ten competencias, como tampouco as ten nin en A Coruña, nin en Santiago de Compostela e a Xunta de Galicia está dando solucións; o Sr. Feijóo ten a oportunidade de dicir nestes momentos un gran investimento para a zona de Vigo, que tanto demandan os cidadáns. O Partido Socialista xa emendou os orzamentos do ano 2016 e do 2017 cunha moción solicitando o tramo urbano da AP-9 na zona de Teis, na rúa Sanjurjo Badía, e reclamábamos naquel momento unha proposta feito polo círculo de empresarios de Galicia, polo Club Financeiro de Vigo, onde pedíamos o acceso en Buenos Aires, con dúas rotondas e os seus enlaces para convertelo en urbano, é unha necesidade social, económica e humana nestes momentos para o barrio de Teis.

A verdade que aquí é onde se demostra o peso político que pode ter o Partido Popular que vos sempre defendedes, apoiades, e que nós sempre poñemos en cuestionamento, se tendes peso político, se o Partido Popular ten peso político en Santiago de Compostela e en Galicia, terá que esixir e terá que conseguir este investimento tan necesaria para Vigo, porque os que sofren e os prexudicados son ás veciñas/os de Teis e aos que lle terán que render contas son as veciñas/os de Teis, por iso instámolle á Xunta de Galicia a iniciar os trámites do proxecto de execución das obras de acceso directo á AP-9, dende a Avenida de Buenos Aires, instar á Xunta de Galicia a financiar integramente a obra entendendo e atendendo ao compromiso do

presidente o Sr. Feijóo de investir na nosa cidade, é unha oportunidade que non podeades deixar escapar, é unha oportunidade de crer en Vigo e facer dunha vez por todas que os concelleiros do Partido Popular de Vigo defendan á cidade.

SR. PÉREZ CORREA: Esta moción viu en reiteradas ocasións ao Pleno, non nesta lexislatura senón en anteriores, de feito foi o Bloque Nacionalista Galego o que presentou esta moción fai varias lexislaturas, estivo enriba da mesa, houbo varios gobernos de toda cor e volverá e seguiremos tendo esta moción enriba da mesa porque é certo que esta moción, nós estamos radicalmente a favor, entre outras cousas porque tamén votamos no seu día esta proposta é unha proposta histórica do movemento veciñal de Teis, e unha proposta histórica proposta tamén polo movemento veciñal de Teis, cremos que erra no tiro porque neste caso a administración que debería polo menos, acometer con maior decisión esta reforma non é a Xunta de Galicia senón o Ministerio de Fomento, certo que coinciden as cores políticas das dúas administracións pero non necesariamente se poñen de acordo, é certo que era unha oportunidade de ouro no seu día, a transferencia da AP-9 á comunidade autónoma, agora o único que hai é unha comisión de coordinación que obviamente esa comisión de coordinación estamos de acordo que se terán que poñer de acordo no custe e no pago dos gastos, é certo tamén que a Xunta de Galicia comete modificacións de tramos urbanos con infraestruturas que dependen do Ministerio noutras cidades, iso é un agravio comparativo, a nós non nos vale tampouco independentemente que sexa o Ministerio de Fomento quen tería que acometer estas cuestións, non nos vale que a Xunta de Galicia mire para outro lado, porque noutras cidades si o fai, e si que nos gustaría, hai unha famosa comisión da AP-9 que se reuniu ou se constituíu o 31 de xaneiro do 2017, onde está Fomento e a Xunta de Galicia, pois si que nos gustaría que esa comisión nun punto da orde do día puxera como se vai acometer esta conversión en tramo urbano, non só iso senón que cremos que calquera persoa que entre á cidade dende esa ubicación é unha zona altamente degradada, cunha zona ferroviaria, cunha vía que hai que tamén integrar dentro dun ámbito máis amplo de acceso a Vigo, teríamos que incluso pensar na rexeneración urbanística de todos os espazos seguramente sería moito máis ambicioso que simplemente facer o acceso directo dende a Avenida de Buenos Aires ou converter todo o tramo. Nós estamos de acordo pero que si que nos gustaría que consensuáramos no futuro, non digo a través da moción de instar a outras administracións pero que se consensuara non sei se en urbanismo ou nalgunha etapa administrativa do Concello que queremos facer con toda esa zona, co acceso que ven

da AP-9 a conversión do tramo urbano, tamén a antiga vía do tren que nos parece un elemento a integrar en todo o ámbito e conseguir tamén dunha vez por todas eliminar o tráfico de camións por toda a zona de Teis, especialmente polo que está a supoñer para os veciños/as, para o firme e para as infraestruturas públicas.

Nós estamos de acordo, cremos que é a enésima vez que ven ao Pleno esta cuestión, e si este ano a Xunta de Galicia dicía que estaba de acordo, que era unha medida, incluso aos veciños de Teis se lle dixo que era unha medida coa que estaban de acordo, simplemente que as dúas administracións se poñan de acordo e que reclamen tamén ao Concello de Vigo o que teñan que reclamarse, é unha cuestión dunha modificación do Plan, se hai encaixe no Plan do 93, se tería que facerse coa Lei de proxectos urbanísticos de interese xeral pero que entre as tres administracións ao final van terse que poñer de acordo porque aquí interactúan varias cuestións que non é exclusivamente da Xunta de Galicia, como digo o Ministerio de Fomento e tamén de algunhas cuestións que terán que ver co Concello de Vigo, hai experiencias noutras cidades onde houbo consensos e se construíron eses accesos, ou as conversións en tramos urbanos, hai moitas cidades onde hai eses accesos á cidade e non son o acceso terceiro mundista que ten o Concello de Vigo que creo que é bo que ese consenso tamén se constituía nunha proposta concreta de que queremos facer para ese tramo.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Aquí estamos novamente debatendo unha moción que ten que ver coa conversión en urbana da AP-9 en Teis; é unha moción que non é a primeira vez que se trae, como vemos outras que se traen de forma recorrente, desgraciadamente neste caso é porque non avanzamos demasiado neste tema, e dende logo, é unha necesidade incuestionable que ten esta cidade, e dende o Partido Popular de Vigo cremos e sempre o cremos e apoiado que a conversión en tramo urbano debese facer para esta cidade porque é imprescindible, pero tamén é verdade que se votamos un vistazo á hemeroteca e ás outras catro veces que se trouxo esta moción ao Pleno deste Concello o Partido Popular si pode dicir que tódalas veces apoiouna, pero hai outro partido que desgraciadamente non pode dicir o mesmo, e ese é o Partido Socialista, señores do goberno municipal porque é que unha vez máis están facendo vostedes un exercicio de hipocrisía política absolutamente incrible, porque cando se trouxo a moción, en febreiro do ano 2011, a este Pleno, hai que lembrar que o Partido Socialista abstívose e por que se abstivo? Por que se abstivo Sr. Caballero? Ah, porque gobernaba o Partido Socialista no goberno de España, ou que coincidencia e que casualidade, entón non puxeron e non foron tan valentes para

enfrentarse ao seu propio goberno e pedirlle que fora o tramo urbano, quizais porque o Sr. Blanco, Sr. Caballero, xa dixera o ministro de Fomento, o Sr. Blanco, o nefasto ministro de Fomento para esta cidade, dixera nas Cortes Xenerais e se quere lles paso o Boletín Oficial das Cortes Xerais, no que dicía que isto era, que non se ía a tratar, a cometer porque era un tema fundamentalmente de cidade, de tráfico eminentemente urbanos, e polo tanto, a súa misión era resolver este tema, por tanto, isto era o que pensaba o Partido Socialista, o Sr. Blanco e aquí cáense moitas caretas e xa sei que se poñen vostedes moi nerviosos cando se lles di as verdades e se lembra a posición do Partido Socialista, moi “gallitos” cando gobernan outros e non tan “gallitos” cando goberna o Partido Socialista. Esta é a realidade, pero a realidade é, insisto, dende o Partido Popular consideramos absolutamente indispensable esta infraestrutura e a imos seguir pedindo e como dicía o propio presidente o Sr. Feijóo, comprometeuse en demandar ese tramo urbano para a AP-9, como algo extraordinariamente importante, pero vostedes queren meter aquí á Xunta de Galicia, a Xunta de Galicia non ten competencia, e non é que o diga o Partido Popular, non, dino vostedes mesmos no Plan do Mobilidade Urbana Sostible no ano 2014 que aprobaron vostedes co seu goberno, no que se analiza a mobilidade na cidade e dise claramente que este tema compete ao Concello de Vigo, ao ministerio de Fomento e á concesionaria da AP-9, exactamente iso é o que din vostedes, o que pasa é que aquí outra vez queren dicir que a Xunta de Galicia non fai, nos rouba, nos quita porque neses discursos que lles pasa o Sr. Puigdemont, pois deben pensar que ese populismo rancio que só leva á pobreza, lle ven moi ben á vostedes o enfrontamento e o inimigo exterior, ese é a súa mensaxe, a súa política, o inimigo exterior, xa a coñecemos, e lle compete ao Concello de Vigo, e cando se reúne a comisión mixta de seguimento, reúnen todos e se lle pide ao Concello de Vigo que mande a súa proposta, digamos temos a oportunidade dende Vigo de deseñar ese tramo e mandar a proposta do que queremos en Vigo, faise unha comisión entre tódolos partidos para analizar? Non, se estuda pormenorizadamente o tema? Non, que se fai? Mándanse catro folios que é un estudo e unha proposta que se fixo no Círculo de Empresarios de Galicia, isto é unha vergoña como administración pública, fixeron vostedes o ridículo, así non se traballa unha administración seria e responsable, vostedes demostran aquí que non teñen capacidade, que son un goberno incapaz de presentar un proxecto técnico, serio e rigoroso, e que o único que saben facer cando teñen un problema grave que vostedes mesmos causan, como por exemplo o da auga, é ir correndo á Xunta de Galicia, que é unha administración seria que lle solucione o problema, iso é o que vostedes fan día si e día tamén e aquí se viu claramente. Se queren que o tramo urbano sexa unha

realidade, aproben a nosa emenda que insta a quen é competente, ao ministerio de Fomento, e a vostedes mesmos, espero que aproben esta emenda.

PRESIDENCIA: Sra. Muñoz, o seu tempo rematou, vostede non é distinta que o resto do 27 concelleiros deste Pleno, cando remata o tempo todos rematan a súa intervención e vostede pretende continuar falando, non é distinta, vostede é igual que os 27 que estamos aquí sentados.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Sra. Muñoz, a verdade que teño que comezar a miña intervención dándolle a razón, a Xunta de Galicia é incompetente para a cidade de Vigo. Eu lle digo que nestes momentos ten unha facilidade moi grande, que ten unha vantaxe e eu voulle dar esta oportunidade, vostede di que nós dicimos que a Xunta de Galicia rouba á cidade de Vigo, que non inviste na cidade de Vigo, pois aquí ten unha oportunidade, ten a oportunidade de que fagan o mesmo que están a facer en Santiago de Compostela co acceso á Cidade da Cultura, máis de 6 millóns de euros investindo a Xunta de Galicia e que fagan o mesmo que o acceso á circunvalación do túnel do Parrote, máis de 12 millóns de euros, queremos igualdade de condicións, queremos ser igual que os cidadáns/ás de A Coruña ou de Santiago de Compostela, non queremos máis Sra. Muñoz e eu estou convencido de que aí vou ter a súa colaboración e que aí vou ter todo o apoio por parte do Partido Popular.

Eu aos señores de Marea de Vigo non os entendo, pero non os entendo nunca, primeiro parecen os herdeiros do Bloque Nacionalista Galego que son os adalices, máis galeguistas que o Partido Socialista non son vostedes, porque o Partido Socialista é galeguista nas súas raíces, co cal eu creo que se sentan vostedes herdeiros do Bloque Nacionalista Galego non o entendo, agora si lle digo unha cousa, votamos neste Pleno a coherencia e a seriedade do Bloque Nacionalista Galego, esperamos que se volva a ver o cambio e volvamos ter aquí ó Bloque Nacionalista Galego e vostedes volvan estar fora do arco parlamentario de Vigo porque as achegas que fixeron estes anos de goberno foron cero, señores de Marea de Vigo, o único que fan é darlles argumentos ao Partido Popular para non investir e despois ao final o que fan é dicir que votan a favor, pois se están a favor deféndano a favor, enfróntese ao Partido Popular, vostedes lle teñen medo ao Partido Popular? Pois nós ao Partido Popular non lle temos medo, e facemos fronte ás inxustizas que están facendo na cidade de Vigo e volvémoslle dicir, non lle imos votar a emenda a favor, por unha sinxela razón porque non somos menos as viguesas/es que os cidadáns de Santiago de Compostela ou de A Coruña, se en A Coruña e en Santiago de Compostela se pode queremos que aquí se

poida, e a solución que lle detallamos porque vostede Sra. Muñoz confúndeno todo, pero se foi o Sr. Caballero o que presentou esta proposta, foi o primeiro que o presentou neste Pleno, o que presentou o Bloque Nacionalista Galego aquí no seu día pois era un proxecto distinto, con máis expropiacións nas Torres de Padín, cunhas novas raquetas e cunhas infraestruturas que o que facían era deteriorar máis o barrio de Teis e a iso lle dixemos que non, non queremos grandes infraestruturas no barrio de Teis, que dividan máis o barrio de Teis, que xa teñen unha autoestrada que os divide, dúas vías de ferrocarril que os dividen e xa teñen un porto que os dividen, non queremos máis macro infraestruturas, iso foi o que o Sr. Caballero dixo que non, é que non se decatan porque non len e entón veñen aquí sen ter os asuntos preparados, nós o que lle pedimos á Xunta de Galicia é que porten igual que se portan en a Coruña ou en Santiago de Compostela, que nos fagan ese tramo urbano xa, e esa é a oportunidade para investir en Vigo.

PRESIDENCIA: Rexeita a emenda o Sr. Regades, manifestouno publicamente, polo tanto non se considera.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e cinco abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 24.11.2017 (Rex. Nº 1658/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

7(188).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 20 de setembro de 2017 e 19 de novembro de 2017.

8(189).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 20 de setembro de 2017 e 19 de novembro de 2017.

MOCIÓNS.

9(190).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO INSTANDO A ADHESIÓN Á “REDE DE CIDADES LIBRES DE TRÁFICO DE MULLERES, NENAS E NENOS DESTINADOS Á PROSTITUCIÓN” E POLA ADOPCIÓN DE MEDIDAS ABOLICIONISTAS E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1655/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de novembro de 2017, número 1655/1101, a concelleira do grupo municipal de Marea de Vigo, Sra. López Barreiro, formula a seguinte,

MOCIÓN

“MOCIÓN POLA ADHESIÓN Á “REDE DE CIDADES LIBRES DE TRÁFICO DE MULLERES, NENAS E NENOS DESTINADOS Á PROSTITUCIÓN” E POLA ADOPCIÓN DE MEDIDAS ABOLICIONISTAS.

...cando a xente se mobilizou en favor da abolición da escravitude nos séculos XVIII e XIX non tiña a ilusión de que dita reforma fixera o mundo perfectamente xusto. A súa reivindicación era máis ben a de que unha sociedade con escravitude resultaba totalmente inxusta. (...). Foi o diagnóstico da escravitude como unha inxustiza intolerable o que fixo da súa abolición unha prioridade arrolladora...” Amartya Sen: “A idea da xustiza”

Segundo a UCRIF, a trata de persoas para fines sexuais provocou o ano pasado a identificación en España de case 14.000 vítimas, o que se considera, unha terceira parte das mulleres captadas por redes u organizacións, un negocio que move 5 millóns de euros ao día no territorio español. Non debemos esquecer que estas cifras son, con seguridade, moito maiores, dada a invisibilidade inherente á prostitución. “Un problema en casa, oculto entre luces de neón”.

As cifras do horror da trata afectan a millóns de persoas, maioritariamente mulleres, nenas e nenos, en contextos de pobreza e de falla de oportunidades. Este “comercio”, a escala mundial, establece por tanto, uns vínculos perversos entre países pobres como provedores de corpos, e países máis ricos como consumidores dos mesmos. As cifras son tan altas que chegan a incidir no PIB dun país a partir de actividades de ocio sexual ou turismo sexual. Actualmente, a prostitución é o negocio máis lucrativo despois do tráfico de armas e antes do tráfico de drogas, aportando unhas ganancias de entre 5 e 7 billóns de dólares, mobilizando a unhas 4 millóns de persoas.

A trata é un acto criminal, e os mecanismos para afrontalo, só poden ser coercitivos e punitivos, mais cando falamos da prostitución no seu conxunto, e dicir, a acción de venta e aluguer de corpos de mulleres para uso sexual, é imprescindible incidir na demanda, e modelar un novo tipo de cultura que desmonte a necesidade do sexo como ocio deshumanizado, sen responsabilidade sobre o uso dos corpos alleos.

A intervención para a súa erradicación ten que ser a través de políticas transversais onde , por unha banda faise imprescindible visibilizar as accións das mafias e sancionar o consumo, mais, tal e como se ten comprobado naqueles países abolicionistas, é necesaria tamén a aplicación de medidas a favor das mulleres, medidas que contén con alternativas, acompañamento, e ferramentas económicas para a supervivencia e saída da grave situación que están vivindo.

A través dos altofalantes mediáticos do libre mercado dentro do concepto económico neoliberal e a globalización estanse condicionando conceptos de ocio e consumo onde o sexo non pasa de ser un consumo máis, e os corpos das mulleres, unha mercadoría.

É preciso recoñecer o problema dentro dos nosos propios códigos culturais, asumindo a prostitución como explotación sexual, saíndo así da nosa voluntaria ignorancia como sociedade e implicándonos no problema. A prostitución existe nas nosas rúas, xunto ás nosas casas, e os seus “clientes”, os prostituidores, a nosa veciñanza. Como sociedade, colectivamente, debemos ser conscientes deste sistema escravista que existe nos nosos días, e dentro da mesma sociedade que se considera a si mesma que está nun “sistema certamente democrático”.

A prostitución non é algo “normal”, “necesario”, “o oficio máis vello”, “evita violacións”, “é sinónimo de liberdade de facer cos nosos corpos”.....non, a prostitución non é unha relación sexual senón unha forte relación de poder, onde o prostituidor paga por sexo ás mulleres prostituídas, é unha posición de dominio, sometemento, abuso e posesión, posesión do “obxecto” polo que pagas.

As persoas vítimas de trata e prostitución, son persoas desposuídas da súa humanidade e cosificadas como mercancía. Aproveitadas polos traficantes para o seu uso e abuso, e por todo aquel que o desexe, participando e perpetuando o negocio da escravitude, máis

vixente que nunca en pleno século XXI onde se nos enche a boca falando en termos de “cidadanía”.

Debemos aceptar polo tanto a relación existente entre a prostitución e o sistema económico, así como a relación entre a prostitución e o patriarcado, cando esta resulta ser unha clara expresión de subordinación e dominación das mulleres, lexitimando implicitamente unha manifestación de violencia machista.

Regular a prostitución, tal e como versan as teorías regulamentaristas, lexitimaríaa como un soporte de control patriarcal e subordinación sexual das mulleres, cun efecto negativo non só sobre as mulleres e nenas que están dentro senón sobre o conxunto das mulleres como grupo, xa que consolida unha definición machista onde as mulleres teríamos a función de estar ao servizo sexual dos homes.

Se regulamentamos a prostitución, integrándoa na economía de mercado, estamos dicindo que é unha alternativa aceptable para as mulleres e, polo tanto, se é admisible, non sería preciso erradicar as causas nin ás condicións sociais que posibilitan e determinan que as mulleres sexan prostituídas. A través deste proceso, reforzaríase a normalización da prostitución como unha «opción para as pobres».

A prostitución é un xeito de explotación que debe ser abolida e non unha profesión que hai que regulamentar. O que as persoas prostituídas teñen que soportar equivale ao que noutros contextos correspondería á definición aceptada do abuso sexual e violación reiterada. O feito de que se pague unha cantidade de cartos pode transformar ese abuso nun «emprego», ao que se lle quere dar o nome de “traballo sexual”? converter aos prostituidores en clientes e aos proxenetas en empresarios? queremos regular para as demais, para as nosas fillas, irmás o que non queremos para nós?

Por iso defendemos claramente a postura do movemento abolicionista que busca ir á raíz dun problema que afecta aos dereitos humanos. Dereitos esenciais que están fóra de discusión: os de toda persoa a non ser abusada nin utilizada sexualmente, nin de forma gratuíta nin a cambio de ningunha compensación económica. De aí que o foco debamos dirixilo ás persoas que demandan, a “clientela”, os prostituidores. Porque sen demanda, a oferta desaparece.

Cambiar o destino das persoas que padecen a prostitución pasa por entender un sistema económico xusto e sostible que incorpore a igualdade real a ambos sexos. Cambiar o seu destino pasa por perseguir ás mafias e non favorecer a súa instalación no noso país con leis permisivas e con modelos económicos que permiten proxectos do estilo “Eurovegas” nas nosas cidades. Cambiar o seu destino pasa por transformar a mentalidade dos prostituidores e daqueles/as que os xustifican, non só con normativa disuasoria senón cunha educación que cambie a imaxe da muller como obxecto sexual. Cambiar o seu destino pasa porque os dereitos das mulleres deixen de ser dereitos de segunda.

A nosa cidade non é allea a esta situación, de feito, existen numerosos locais onde, e segundo as asociacións que traballan día a día axudando ás mulleres explotadas sexualmente, estanse dando situacións de trata de mulleres e prostitución; lugares sobre os que sería moi clarificador saber con que tipo de licenza contan para este tipo de “actividade”, xa que algúns deles parece que incluso poden ter licenzas tan estrañas como pode ser de “tablao flamenco”.

O noso municipio debe implicarse activamente, hoxe máis que nunca, nesta loita pola igualdade entre homes e mulleres apostando pola abolición da prostitución, compromiso que pode comezar hoxe uníndose á Rede de cidades libres do tráfico de mulleres, nenas e nenos destinados á prostitución, e a aplicación de medidas abolicionistas que conteñan alternativas de saída da prostitución así como todas aquelas orientadas á prevención e educación en igualdade, ferramenta fundamental para a erradicación desta lacra social.

Polo exposto, o Grupo Municipal da Marea de Vigo presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede os seguintes

ACORDOS:

1. Este Concello súmase á Rede de cidades libres do tráfico de mulleres, nenas e nenos destinados á prostitución.
2. Diseñarase unha campaña periódica para sensibilizar á poboación sobre a equivalencia da prostitución á explotación sexual das mulleres e polo tanto, unha forma máis de violencia de xénero.
3. Esixirase ao Goberno Central e á Xunta de Galicia a aplicación real da Lei de Trata, perseguindo o tráfico de mulleres e persoas, e aos proxenetas e mafias que campan impunemente nos “clubs” e outros establecementos.
4. Esixirase ao Goberno Central e á Xunta de Galicia a aplicación real e completa do Plan Integral de loita contra a trata de mulleres e nenas con fins de explotacións sexuais (2015-2018).
5. Priorización e dotación orzamentaria para as subvencións dos programas que teñan por obxecto non meramente a redución de danos da poboación en situación de prostitución senón que se ofrezan alternativas de saída.
6. Instarase ao Goberno Central e á Xunta de Galicia a que estableza normativa que impida que os medios de comunicación, tanto impresos como audiovisuais, se lucren coa explotación sexual das mulleres ofertando servizos sexuais en anuncios ou publicidade, así como o impedimento deses medios ao acceso de cartos públicos, xa sexa en forma de subvención, convenio ou contrato coas administracións.
7. Introducción nas ordenanzas municipais de publicidade exterior a prohibición de inserción de anuncios de publicidade de locais de prostitución tanto nas vallas publicitarias nas rúas como nos taxis, etc. (Pódese utilizar como exemplo a realizada no Concello de Sevilla)
8. Formación específica para o persoal do Centro de Información á Muller cara a máxima eficacia á hora de detectar casos de trata e explotación sexual ás mulleres.”

DEBATE:

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Hoxe, o grupo de Marea de Vigo queremos volver a falar aquí sobre violencia machista porque neste mes hai tan só 4 días, o 25 de novembro, foi o día contra a violencia machista, data na que os colectivos feministas convocan manifestación e que este ano veuse eclipsada pola inauguración da iluminación do Nadal con que desafortunadamente o goberno da cidade a fixo coincidir. O cal provocou diversos altercados e agresións a mulleres que querendo dirixirse á

manifestación interrompéuselle o paso e impediuse a correcta organización da mesma.

Dito isto, e como é unhas das modalidades da violencia machista, tamén vimos de falar da trata de persoas con fin de explotación sexual, as persoas vítimas desta trata na súa inmensa maioría mulleres pertencen a un subgrupo dos grupos explotados e marxinados como son as vítimas do colonialismo, racismo, do capitalismo e do patriarcado, sendo neste caso as mulleres vítimas de todos eles a vez. As mulleres vítimas de trata son manexadas como mercadoría de compra venda, como obxectos de intercambio mercantil para satisfacer as necesidades sexuais de quen as compra ou as aluga.

O último informe elaborado pola Axencia Estadística da Unión Europea Eurostar, di que España se sitúa como o segundo país entre os casos da Unión Europea, identificáronse 30.146 vítimas de trata entre os anos 2010 e 2012, sendo a trata sexual a modalidade que supón que o 66% da trata existente.

No 95% dos casos as vítimas son mulleres, debemos considerar que estas cifras son a punta do iceberg, da situación real xa que a identificación é moi complexa, a ONU, a organización das Nacións Unidas contra a droga e o crime organizado, estima que unha de cada 7 mulleres en prostitución foi vítima de trata sexual, só unha de cada 20 vítimas de trata é identificada nos países industrializados, e hai que dicir que o negocio da prostitución é o negocio máis lucrativo do mundo despois do tráfico de armas e antes do tráfico de drogas, reporta anualmente unhas ganancias de entre 5 e 7 billóns de dólares e mobiliza a unhas 4 millóns de persoas. Unhas 4 millóns de mulleres e nenas son compradas e vendidas no mundo co obxecto de forzalas á prostitución, á escravitude ou ao matrimonio, estímase que as mafias gañan de 7 a 12.000 millóns de dólares ao ano.

O número de persoas que se atopan na chamada industria do sexo na Unión Europea flutúa entre 200 e 500 mil, en España gástanse 50 millóns de euros tódolos días en prostitución, existindo uns 15 millóns de varóns potenciais consumidores de sexo de pago, o 32% dos españois consumen prostitución. En Galicia non existen rexistros específicos e unificados, o que leva á invisibilización da trata de persoas. A existencia de consentimento invisibiliza ás potenciais vítimas en contexto de explotación sexual. Con respecto ás denuncias no último informe efectuado pola Garda Civil, manifesta que politicamente só se coñecen os casos que se investigan, e este coñecemento chega na maioría dos casos a través das denuncias das vítimas polo que o máis probable é que queden moitos casos sen coñecer.

E por desgraza, os poderes públicos patriarcais tamén en Vigo, fan caso omiso e miran para outro lado cando se trata de dar licencias ou ben de investigar o que se coce dentro das ducias de locais deste Concello. A nosa cidade non é allea a esta situación, pois segundo as asociacións que traballan día a día, axudando ás mulleres explotadas sexualmente, estanse dando situacións de trata e prostitución en lugares sobre os que sería moi clarificador saber con que tipo de licencia contan e para este tipo de actividades, xa que algúns deles asemellan que poden ter licencias tan estrañas como pode ser a de tablaio flamenco.

Este é un negocio á marxe da lei dende hai anos, segundo esta asociacións nos estamentos públicos non hai conciencia da situación que viven as mulleres, o proxeneta é unha persoa con poder e influencia social, dono doutras empresas coas que branquea os cartos e a maioría dos clubs acostuman ter colaboradores na policía. En case tódolos clubs existe boa comunicación coas forzas da orde, e neles existe un pacto de silencio que atrae aos políticos, por iso dende a Marea de Vigo pedimos que se esixa ao goberno do Estado e ao da Xunta de Galicia a aplicación real da Lei de trata, perseguindo o tráfico de mulleres e de persoas e aos proxenetas e mafias que campan impunemente nos clubs e outros establecementos.

É un deber inescusable do Concello proporcionar formación específica ao persoal do Centro de Información á Muller cara a máxima eficacia á hora de detectar casos de trata e explotación sexual ás mulleres. Deben deseñarse campañas periódicas para sensibilizar á poboación sobre a equivalencia da prostitución á explotación sexual das mulleres e polo tanto unha forma máis de violencia de xénero, pois non esquezamos que o artigo 2 do título preliminar da Lei galega de 2007, tipifica como violencia de xénero o tráfico de mulleres e nenas co fins de explotación sexual calquera que fose a relación que una á vítima co agresor e o medio utilizado.

E aquí señores do Partido Socialista e señores do Partido Popular, estase a mirar para outro lado e permitindo que o escravismo campe no noso país e tamén na nosa cidade.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Totalmente de acordo coa preocupación que mostra vostede Sra. Barreiro na moción presentada, só teña algunha dúbida e algunha matización que quero facer pública, non teño moi claro a que rede se refire vostede cando considera que debemos estar na rede galega, sabe que existe a rede galega, estou segura que o sabe, contra a trata, que está formada por 10 ONGs e unha socióloga, despois se fai favor si que me gustaría que me dixera en que rede.

Existe como vostede sabe a Lei de trata, son as forzas de seguridade as que teñen que levalas a cabo, e verdade que quen ten dar esa orde fuertemente é o Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo. Todos coñecemos a rúa Menéndez Abeleira, verdade, onde subimos e baixamos, coidado que se está a converter esa rúa en algo de turismo sexual e é esa culpa só a ten o Concello de Vigo e a Policía Local, non nos esquezamos diso.

Nestes intres se está a levar a cabo, incluso dende a Xunta de Galicia, un proxecto europeo chamado "dibuja la linea" que non me gustan nada as palabras que non veñen en castelán, para empoderar a estas mulleres, xa hai lexislación, programación e xa hai presuposto. Con isto, a parte de reinsertar a estas mulleres no mundo laboral que é moi necesario porque non cabe dúbida de que algunhas o único pretexto que poñen é que teñen que vivir de algo, tamén se verán beneficiadas os seus fillos e familias.

O número 7 que di vostede xa está aprobado dende o ano 2013 neste Concello de Vigo por unha moción que no seu día presentou o Partido Popular que a teño por aquí, aprobada neste Pleno, prohibición de publicidade nos transportes públicos e nas infraestruturas de competencia municipal, iso simplemente é necesario que se de a orde de cumprila dende o Concello de Vigo porque está aprobada no 2013.

Fundamental é a formación para os profesionais e a información das persoas que sofren día a día esta violencia, que se supón que están para axudar a tódalas mulleres que sufran violencia, explotación, abuso, posesión non desexada, etc. o que realmente non entendemos dende o Partido Popular e eu persoalmente non entendo, é porque dende os CIM se rexeita a esta formación, gustaríame que me contestara a concelleira, por que se está rexeitando dende CIM a formación que neste momento se está a dar sobre a trata de mulleres? Non só no CIM de Vigo senón nos da área metropolitana, e eu entendo que é necesario incluso por profesionais para poñelo precisamente ao servizo das usuarias.

As campañas para a sensibilización, prevención son fundamentais nos colexios, institutos e demais, é necesaria a persecución de proxenetas e mafias que trafican con mulleres e nenos e nenas, humanizar barrios é estupendo, levar a cabo os cascos vellos e rehabilitalos é marabilloso, pero se realmente non se usan as forzas que temos como é neste caso a Policía Local, non serve absolutamente para nada porque de verdade que, supoño que o fará todo o mundo, baixamos e subimos por esas rúas e están a tope, e se achegan á noite non só aquí, senón na parte onde algunha xente de aquí ten os seus bares, non se da pasado porque aumenta a xente, nestas cidades hai organizacións que si que están tódolos días e tódalas noites visitándoas para collelas e

para atendelas a estas mulleres que están postas por estes proxenetos e por estas mafias que viven a conta delas.

Non vou dicir nada máis, só vou aproveitar para dicir que neste momento, que non me quedo a gusto se non o digo e non ten nada que ver con esta moción, neste momento hai 177 millóns da Xunta de Galicia para Vigo e o ano pasado o 80% de toda esa subvención quedou sen executar por que non a pide o Concello de Vigo, e eu quero que isto quede claro, o Concello de Vigo non pide as axudas á Xunta de Galicia, non é que non queira dalas, é que non as piden señores.

SRA. BLANCO IGLESIAS: Dende o grupo Socialista imos votar a favor porque estamos de acordo no esencial, e porque somos conscientes de que fai falla moita unidade nesta loita desigual. A prostitución e a escravitude do século XXI, un acto criminal no que o corpo da muller, nenas e nenos, é a mercadoría, hai cifras de horror, falaba vostede que se detectaron 14.000 vítimas, pero hai que saber que son as vítimas oficiais, todas sabemos que é unha cifra irrisoria con respecto á realidade, é dende o grupo Socialista somos abolicionistas no tema da prostitución, negámonos a integrar a prostitución na economía de mercado que é a pretensión dos que pretenden regularizala, así que ata aí polo menos estamos moi de acordo en moitas cousas pero gustárame facer algunhas puntualizacións e antes de que se me pase, que o anotei agora, que é moi duro a acusación que vostedes lle fan a Policía dun xeito xeneralizado, eu teño que dicir que colaboran moito con nós que incluso dan clases de defensa persoal a mulleres, tamén que diga que non CIM nos negamos, estamos con temas de formación permanente.

Quería facer agora algunhas puntualizacións, na rede de cidades libres do tráfico de mulleres e nenas e nenos destinados á prostitución en Galicia de momento só está Lugo. Como non vou estar de acordo en esixirlle ao goberno central e á Xunta de Galicia a aplicación real da Lei de trata, persiguindo o tráfico de mulleres e persoas e aos proxenetos en mafias que campan impunemente nos clubs e outros establecementos se esa é unha lei que foi do PSOE. Tamén estamos totalmente de acordo en esixirlle ao goberno central e a Xunta de Galicia a aplicación real e completa do Plan Integral de Loita Contra a Trata de Mulleres e de Nenos e Nenas con Fins de Explotación Sexuais que está dende o 2015-2018 que como vostedes saben pois está o PP no goberno e esperamos e esixímoslle que o quite adiante.

En canto ás subvencións, a axuda ao tema da prostitución, nós estamos a facer este tipo de subvencións e estamos en contacto permanente con asociacións para unha forte colaboración, somos conscientes de que temos que traballar tódalas institucións

e toda a sociedade porque somos moi pequenos/as ante o enorme volume deste traballo e desta tarefa que temos.

En canto á publicidade que se pon nos medios de comunicación, ou que ofertan servizos sexuais, eu quería dicirlle que nos preocupan é moito e preocúpanos tanto, e como se dan tamén as noticias ás veces de violencia de xénero que o incluímos nas xornadas da concellería de Igualdade deste ano que tiveron un nivel alto, que por certo, votámolas de menos a vostedes. Polo que se refira á publicidade municipal, lémbrolles un acordo plenario do 31 de maio de 2010 que di así “por acordo do Pleno da Corporación, de data de 31 de maio de 2010, acordouse entre outros puntos: eliminar dos paneis informativos de medios de transporte público ou calquera lugar de competencia municipal, a publicidade de clubs de alterne e outros locais nos que se exerza a prostitución” pero despois tamén lles quero dicir que unha cousa é dar normas e outra cousa é facelas cumprir, por iso lles traio tamén un decreto que dende Seguridade do Concello resolveu que “requirir á sociedade cooperativa de autotaxi de Vigo e asociación profesional de autotaxi de Vigo para que de forma inmediata proceden a adoptar as medidas necesarias; para que sexa retirada a publicidade 31 de maio de 2011, castigando e obrigando aos taxis.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Para responderlle á Sra. González, o da rede de trata ven no título da moción, é a rede de cidades libres de tráfico de mulleres, nenas e nenos, por numerarlle algunhas Oviedo, Lugo, Badalona, Murcia, Baracaldo, Tortosa, San Cugat del Vallés, Sarraset, Mondragón, Tarrasa, Zamora, Esplugués, Ciudad Real, Huelva, Córdoba, Málaga e 80 máis no estado, un Parlamento o de Navarra e 5 deputacións, a de Córdoba, Sevilla, Jaén, Toledo e Barcelona.

Sobre a Lei integral de trata é necesario non só poñela no papel e aprobala nun pleno senón dotala de orzamento, senón non se dota de orzamento non vale de nada.

Para responderlle á Sra. Blanco dicir que o que vostede me dixo que se aprobara no Pleno do 2011 creo que foi, no 2010, está aprobado no Pleno pero non está na ordenanza e hai cousas que si se cumpren pero hai outras que non, porque os bordeis todos que hai en Vigo e arredores eu creo que se sabe ben que non son establecementos para o que están pedidas as licencias, son para outro tipo de cousas, entón eu creo que aí habería que comezar a incidir, o problema é que estamos quen está dirixindo e quen está mandando neste tipo de cousas é unha sociedade machista que está dirixida por homes, entón é moi difícil entrar aí, pero é certo, non me poden negar que non haxa prostitución, nin trata, nin tráfico de mulleres en todos estes locais, eu creo que os estamentos tanto municipais como a Policía e sobre a Policía o

que me falaba non é a nivel xeralizado, non é que a Policía de forma xeral sexa cómplice con estes locais, pero si que hai persoas da Policía que si que son cómplices porque son os que van a consumir sexo a esta tipo de sitios, Policía, políticos e de toda clase, neste Pleno por estadísticas tócalle a catro homes consumidores de prostitución, non sei quen pode ser, pero nin mi importa, pero a estadística é moi elevada, non estou nomeando a ninguén en concreto pero as estadísticas son as estadísticas.

PRESIDENCIA: Este é un tema tan serio, preocupante, que preocupa tanto a tantas mulleres que hai algunhas cousas que un ten que medir moito cando as di, hai que ser moi sensato porque ás veces as cousas que sen din van en contra de que de verdade poidamos loitar contra un drama tan importante como é a prostitución e a trata de mulleres. Un cando fala debe saber de que fala, debe ter datos e coñecemento, porque falar por falar é grave fronte a unha cuestión tan importante. Mire vostede, eu fun concelleira de urbanismo deste Concello, certamente en Vigo, igual que en A Coruña, en Santiago de Compostela, en Madrid, en Murcia, en Barcelona, en calquera cidade do mundo, tristemente hai locais onde se exerce a prostitución, claro que si, e hai lugares onde as mulleres que as exercen son vítimas da trata de mulleres, claro que si, iso é unha obviade que sabemos todos, pero miren, neste Concello sendo eu concelleira de Urbanismo fíxose un estudo de cada unha das licencias que hai en zonas onde hai prostitución, un estudo, delimitouse cada un dos locais, en todos aqueles locais onde a licencia non se podía manter porque era ilegal e irregular, pecháronse os locais, señora concelleira, onde non se pecharon? Onde a licencia que están reguladas pola Lei, os concelleiros/as, os Alcaldes/as non poden pechar locais se a licencia cumpre coa lei que está regulada e os concellos non teñen competencias para entrar nos espazos que non son públicos, onde di que a licencia é para un bar e é un bar, e non hai ningunha forma de poder pechalo porque a licencia cumpre, cousa distinta é que habería que cambiar cousas, non se pode pechar, pero como eramos conscientes que onde había licencias de bar si que había prostitución en lugares non visibles, non no espazo do bar, senón nos pisos superiores do local, denunciámolo na Xunta Local de Seguridade, denúncieno eu que era a concelleira de Urbanismo e que non podía pechar eses locais porque era unha ilegalidade, unha arbitrariedade e me puideran denunciar por prevaricación, porque a lei, que quere que lle diga non sempre é xusta, e aí tamén estou de acordo con vostede pero é a lei e hai que cumprila. Denunciouse nesa Xunta Local de Seguridade, onde está a Policía Local, a Policía Nacional, a Garda Civil, a Policía Autonómica e a Subdelegación de Goberno, e pediuse

que se investigara porque eramos conscientes de que había prostitución en moitos deses locais que non podíamos pechar o Concello, non os podíamos pechar. A Policía Local, tamén é bo que vostede o saiba, non pode entrar nos locais, as competencias as teñen outras administracións e se lle solicitou e máis, para que vostede teña toda a información porque é bo que fale sabendo do que se fala, pedímoslle á Xunta de Galicia que a través incluso de sanidade, actuara, que entrara nos locais para poder tomar decisións e ver se os podíamos pechar porque tamén estamos convencidos de que non cumpren coas normas mínimas de sanidade, polo tanto, buscando tódolos recunchos para pechalo e resposta foi cero. Sabe que pasa? Que eu coincido con vostede, que certamente as administracións competentes deberían actuar e non o fan, totalmente de acordo, pero cando desviamos a atención sobre quen non ten competencias e pretendemos facer unha moción non para reclamar, para denunciar con convicción, con forza, con rabia, e con indignación que é o que temos que ter as mulleres e os homes, particularmente nós, as mulleres, porque somos as que dende o feminismo loitamos para cambiar a sociedade cando en lugar de pretender iso pretendemos danar a un goberno local que non ten competencias, estamos logrando xustamente o contrario, e mire, en cuestións de igualdade, de loita contra as violencias machistas e de loita contra a prostitución e a trata, de dificilmente alguén nos pode dar leccións porque o compromiso é total tanto é así que por primeira vez nesta provincia e en Galicia é a política prioritaria, e eu vexo en fronte a moitas mulleres ás que respecto, porque loitan dende a sociedade civil, dende organizacións para loitar contra as desigualdades, as miro aí, saben de quen teñen máis apoio? Desta persoas que lles fala e polo tanto nin unha soa lección e o poden dicir as asociacións de Nós Mesmas, pódono dicir e se non é así que demostren con datos outro lugar onde as apoien máis e polo tanto, esta é a cuestión, competencias das comunidades autónomas, competencias do Estado e todo o que puidemos facer, fixémoslo e xa lle digo, pecháronse moitos locais, aqueles que a través de urbanismo e cumprindo a lei porque están reguladas o procedemento de licencias e de sancións, están reguladas por lei señora concelleira, se pecharon os que se puideron e os que non se denunciaron e polo tanto se non actuou quen tivo competencias porque a denuncia e a petición fíxose nesa Xunta Local, unha, dúas e tódalas as veces que se reunía e esa é a realidade. A min entristéceme moito que en lugar de traballar xuntas, aquelas que de verdade cremos na igualdade, e que é unha prioridade para nós, pois que nos tiremos os trasnos á cabeza porque o que conseguimos con iso é que gañen aqueles/as que non cren na igualdade, señora concelleira.

(No momento da votación preside a 1ª Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego, por ausencia do Sr. Alcalde).

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 24.11.2017 (Rex. Nº 1655/1101), pola concelleira do grupo municipal de Marea de Vigo, Sra. López Barreiro, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

10(191).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO ALCALDE A ESIXIR PÚBLICAMENTE QUE O SR. BALLESTEROS DEPOÑA A SÚA ACTITUDE ANTIDEMOCRÁTICA E CUMpra COA SENTENCIA. REXISTRO PLENO 1659/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de novembro de 2017, número 1659/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteríz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O 19 de maio deste 2017 a maxistrada do Xulgado Penal nº3 de Vigo no procedemento seguido contra o Alcalde-Pedáneo socialista da Entidade Local Menor de Bembrive, D. Roberto Ballesteros Costas, ditou sentenza 158/17 co seguinte fallo literal: “Que debo CONDENAR Y CONDENO a D. ROBERTO BALLESTEROS COSTAS como autor de un delito de prevaricación previsto y penado en el art. 404 del CP a la pena de 7 años de inhabilitación especial para empleo o cargo público, que produce la privación definitiva del cargo de Alcalde, concejal o Vocal, y de los honores que le sean anejos, e igualmente produce la incapacidad durante el tiempo de la condena para la obtención de otros cargos de naturaleza pública, de carácter electivo y con ámbito local.”.

A devandita setenza foi confirmada pola Audiencia Provincial de Pontevedra o dezasete de outubro deste mesmo ano que desestimou o recurso de apelación do Sr. Ballesteros.

Dende o mesmo momento da súa condena inicial o Sr. Ballesteros ten desoído os numerosos informes que dende a Secretaría Local da Entidade lle teñen advertido da

necesidade legal de abandonar o seu posto e proveer a súa substitución conforme á normativa electoral.

Lonxe de toa lóxica o Sr. Ballesteros segue a tentar manterse no seu cargo, a mentir aos veciños de Bembrive coas súas declaracións e mesmo a insultar e amedrentar con métodos mafiosos a quen pretende amosarlle o único camiño que lle queda, marchar para a súa casa deshonorado pola acción da xustiza e todo isto contando co silencio cómplice do Alcalde de Vigo e dos mandatarios do PSdeG.

Esta sinrazón no comportamento dos representantes do Partido Socialista na Entidade Local Menor de Bembrive pode implicar graves perxucios para a citada Entidade Local Menor xa que se está a incurrir en nulidade ou anulabilidade dos seus actos con ungrave perxucio por tanto para os veciños de Bembrive.

Polo anteriormente exposto, propónse ao Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Instar ao Alcalde-Presidente do Concello de Vigo a esixir públicamente que o Sr. Ballesteros depoña a súa actitude antidemocrática e cumpra con carácter inmediato coa sentenza que o inhabilita por prevaricación.”

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Teño que dicir o primeiro é que ao comezar a defender esta moción que por fin podemos falar aquí dun problema grave que está a pasar nunha das parroquias de Vigo, lamento sinceramente que o Sr. Alcalde non haxa querido estar presente no debate desta moción, unha vez máis, cando hai algún tema que lle molesta pois o que opta é por marcharse, fallando ao respecto eu creo que este Pleno e tamén neste caso a tódolos veciños de Bembrive que están extraordinariamente preocupados, porque a situación que hai en Bembrive a día de hoxe é unha situación extraordinariamente grave, porque é unha parroquia de Vigo, unha pedanía que está vivindo unha situación absolutamente insólita e unha situación insólita porque hai unha persoa que se está agarrando irregularmente a un cargo que xa non ostenta conforme á lei, porque o 19 de maio houbo unha sentenza para comezar, que lle condenaba a prevaricación e lle inhabilitaba durante sete anos para o exercicio de cargo público e o que tiña como consecuencia esa sentenza é que deixaba de ser automaticamente alcalde pedáneo, era causa de inhabilitación inmediata porque dio a lei, lonxe de cumprila lei, agarrouse e aferrouse ao cargo e leva aferrándose ao cargo durante os últimos sete meses, querendo pasar por enriba da lei, querendo pasar por enriba dos informes da Secretaria da Pedanía de Bembrive dicindo que non ten competencia xa porque xa non era Alcalde Pedáneo e habería que restituír a legalidade, indo por enriba do que di a normativa, é dicir, amparándose na suposta

non firmeza dunha sentenza, queréndose agarrar ao cargo; pero chega o mes de outubro, volve haber outra sentenza condenando xa con carácter firme ao ex Alcalde Pedáneo, con carácter firme, por prevaricación e lonxe de cumprir esta sentenza que xa era firme, segue irregularmente agarrándose ao cargo, parécenos sinceramente bochornoso que se estea dando unha situación absolutamente insólita, Sr. Alcalde, alégrome que aparecera vostede agora porque creo que estamos a falar dun tema extraordinariamente importante para Vigo e para unha parroquia de Vigo, porque en Bembrive estase a incumprir a legalidade de forma reiterada, porque hai unha persoa que se está agarrando irregularmente a un cargo porque hai unha persoa que se nega a cumprir as sentencias dos tribunais de xustiza, porque hai unha persoa que o que é moito peor que todo iso, ten absolutamente paralizada a pedanía, porque non pode facer ningún gasto e non o di o Partido Popular, dino tódolos informes da Secretaria da Pedanía, por certo, Secretaria que só estivo sete meses no cargo e foise espantada coas irregularidades que nesa pedanía estanse a cometer día si e día tamén e este tema é algo ao que non se lle pode dar as costas, dende o goberno municipal de Vigo, non se lle pode dar as costas, primeiro, non se lle pode dar as costas no exercicio do goberno de tódolos vigueses e Bembrive tamén é unha parroquia de Vigo e en segundo lugar, non se pode dar as costas politicamente apoiando a un señor que está absolutamente fora da lei, porque iso é o que está a facer o Sr. Alcalde de Vigo, apoiar e amparar politicamente a alguén que está fora da lei, tantas veces escoitamos falar neste Pleno do importante que é o cumprimento da lei, tanto se nos enche a boca dicindo que hai que cumprir a lei e cando temos un cargo do Partido Socialista, un ex-alcalde Pedáneo amparándose e prexudicando a tódolos veciños de Bembrive, que fai vostede Sr. Alcalde? Amparalo e por que? Porque non escoitei nin unha soa declaración falando como fala vostede tódolos días, dicindo que é unha situación insostible e que se execute a sentenza dos tribunais de xustiza, por que? Por que está amparando? Xa sei que é o seu padriño político, aquí vese a foto co señor ex-alcalde pedáneo de Bembrive nunhas eleccións “Vigo si, falan os feitos” pois agora están a falar os feitos e os feitos o que din é que o Alcalde de Vigo está amparando unha situación ilegal na Pedanía de Bembrive e que non pediu que se execute a sentenza e que se está a cometer unha ilegalidade non en Cataluña, é moi fácil falar de Cataluña, estamos a falar de Vigo, fale vostede de Vigo, estase a cumprir a lei en Vigo, na parroquia de Bembrive e vostede está calado e espero que nos expliquen por que.

SR. PÉREZ CORREA: Podemos abordar este debate de maneira civilizada, pensando no futuro da entidade local ou podemos abordalo como unha fronte de batalla entre o

Partido Popular e o Partido Socialista que sabemos que historicamente e de maneira aparte case desagradable se ten dado en Bembrive porque lembremos que o problema da Entidade Local Menor o choque de trens permanentes entre os representantes do Partido Popular e Socialista é histórico e digo que podemos abordalo de maneira civilizada ou abordalo dunha maneira pouco civilizada e avocar á Entidade Local Menor a desaparecer, porque aí nós queremos ser meridianamente claros, a Lei de administración local de Galicia é clara cando se dissolve unha entidade local menor e como sigamos con determinados precedentes, o artigo 156 “se se aprecia a insuficiencia dos seus recursos ou a incapacidade para o exercicio das súas competencias, significa a disolución da entidade local”. Este grupo, no ano 2011, eu era candidato doutro espazo político, decidimos non presentar candidato á Entidade Local Menor de Bembrive por unha cuestión, porque a división do voto da esquerda facilitaba ao Partido Popular gobernar a Entidade Local Menor, porque goberna a lista máis votada ou non hai posibilidades moitas veces de realizar pactos. Nós no ano 2015 dándolle unha confianza ao pedáneo do Partido Socialista decidimos non presentar candidatura á Entidade Local Menor de Bembrive, se presentáramos candidatura posiblemente, non teño aquí os datos, pero a división do voto da esquerda máis presentando o Bloque Nacionalista Galego candidato, presentando non sei se outras candidaturas o farían, presentando moitos candidatos dentro do campo da esquerda, significa que o Partido Popular como historicamente agás un período moi concreto que efectivamente houbo un Alcalde Pedáneo de Esquerda Unida nos anos 90, o resto dos momentos case sempre foron pedáneos do Partido Popular e nós demos ese voto de confianza, roto xa ó mes seguinte no mes de xullo, no que se decide para nós de maneira discutible, subir as dietas a cousas aberrantes, é dicir, que a dieta do Pedáneo de asistir ao Pleno subira aos 900 euros, tres veces case máis que este Concello ou que os vocais por ir a un Pleno da Entidade Local, cobraran 450 euros, esa confianza para nós rómpese nesa altura porque 900 euros por asistencia ao Pleno é unha cifra desorbitada, que é parte do problema que temos en Bembrive, a cuestión das dietas que é un tema case ridículo que esteamos xogando co futuro dunha entidade local menor porque un pedáneo decide non pagarlle dietas de asistencia aos Plenos aos vocais do Partido Popular, por un conflito político, non estamos a falar de corrupción, nin de nada, estamos a falar dunha cuestión que se podería ter solventado con certa doses de cautela.

O problema que temos agora? É evidente, a sentenza, podémoslle dar 50.000 voltas máis, claro vostedes dirán é que non ten nada que ver o Concello de Vigo coa Entidade Local, na Lei de Galicia di que unha das partes que pode disolver unha

Entidade Local Menor é o Concello de Vigo, este Pleno podemos coas 2/3 partes deste Pleno decidir disolver a Entidade Local Menor, este Concello transfere recursos económicos á Entidade Local Menor, debería preocuparnos, non vale a estratexia da avestruz de que ten a súa independencia, este Pleno tamén decidiu acatar unha sentenza sobre a cuestión dos montes en Bembrive, incorporar máis recursos para a Entidade Local Menor, e as outras sentencias que tamén versan sobre os montes desta cidade como Teis, decidimos seguir dándolle patadón para adiante e pospoñelo, é dicir, é tamén unha cuestión política, seguramente ten que ver coa cor do Partido Socialista coincidindo nas dúas cuestións para que se acaten determinadas sentenzas e outras se vaian recorrendo no tempo, que propoñemos nós? Nos temos claro que non hai solvencia da Entidade Local Menor senón dimite o Alcalde Pedáneo, pola sentenza xudicial, outra cousas son políticas que podemos discutilas, porque todo o que asine vai quedar invalidado de facto e cando volvamos a este Pleno, seguramente despois duns meses, nos atopemos coa triste decisión ou nós ou a consellería ou quen sexa, incluso a propia entidade, que non cremos, de disolver a Entidade Local e nós queremos que Bembrive teña pedanía forma parte dun dos enriquecementos locais que temos en Galicia, hai que conserva-la, hai que coidalas, nós vemos unha situación de inseguridade xurídica que pode redundar na, repito, anulación da pedanía cousa que nós non queremos.

Polo tanto, emprazamos ao propio Alcalde a asumir esa sentenza, cremos que non hai posibilidade de recursos, lle podemos dar 50.000 voltas, se ten que ser ao final da legislatura, antes, a inhabilitación dio claro, que unha inhabilitación, entendemos no momento da sentenza firme, polo tanto, un paso atrás.

SR. LÓPEZ FONT: Non deixo de sorprendeme e a miña capacidade de sorpresa é absolutamente ilimitada, eu quero tratar este tema de forma civilizada como di o Sr. Pérez, pero é evidente que para algúns isto é unha fronte de batalla tamén nas súas palabras.

Miren, cando a vida política se xudializa débense seguir tódolos pasos e a todos nos corresponde ser respectuosos cos pasos que se dan dende a vida xudicial e dende a xudicialización dos temas, por iso non entendemos esta moción, era fácil de imaxinar que esta moción acabaría pola deriva que vostedes a están a levar pero dende logo non é o lugar. Aquí estanse a confundir os termos, fálase de parroquias, de entidade local e é evidente que estamos ante unha entidade local menor que xuridicamente non ten nada que ver con este Concello e isto non é nin esconder a cabeza debaixo da ala, nin escorrer o bulto, non, é unha realidade e sorpréndeme as contradicións de

determinados discursos cando alguén queira tentar contra a autonomía deste Concello e por contra parece que queren impoñer.

Para nós o tema é moi sinxelo, en maio de 2015 os 27 que nos sentamos aquí fomos elixidos concelleiros para defender a esta cidade, uns facémolo dende o goberno e outros fano dende a oposición e claro que cumprimos a lei neste Concello, claro que a cumprimos, comentaba o concelleiro de Xestión Municipal os nosos índices de transparencia e todos os parámetros se cumpren, polo tanto non valen afirmacións xeralizadas, demagóxicas e demais, agora iso si, concelleiros somos o que non somos é xuíces, nin este Pleno é un tribunal, nin ninguén para esixir o cumprimento dunha sentenza, non se pode facer xogos de palabras, unha cousa é acatar unha sentenza, que nos corresponde a todos, e outra cousa moi distinta é esixir o cumprimento dunha sentenza cando aínda está en proceso xudicial é unha presión sobre a propia xustiza, que nós dende logo non imos facer e ademais estamos nun país cunha garantía xurídica absoluta, temas tan importantes de Estado como os recentes aos que vostedes se refiren de Cataluña e demais, xa comprobamos que a xustiza actúa, leva os seus tempos, as súas actuacións e todos temos que ser absolutamente respectuosos.

Polo tanto, nós non nos imos entremeter na actuación da xustiza dende logo persoal e colectivamente, Dios nos libre. O que se propón concelleiros/as do Partido Popular, se fora eu a persoa aludida, querelariame contra aqueles que voten a favor neste Pleno porque como primeiro argumento dende logo é unha forma de presionar á xustiza e ademais valéndose dunha representación política que está para o que está, este Pleno ten que estar para facer política, para tomar decisións, non para dicirlle á xustiza o que hai que facer, si para acatar sentencias, como dicía o Sr. Pérez, é evidente agora o que non se pode é tomar determinadas actitudes e pensar que un órgano político representativo como este pode tomar decisións como a que se propoñen. É moi sinxelo, todos nos declaramos ao menos dende o Partido Popular e nós tamén dende o Partido Socialista, constitucionalistas, nos queda fenomenal e queda moi ben o que dicimos, pois Sra. Muñoz, voulle ler o artigo 117, apartado 3 da Constitución Española que é o que debe respectar todo o mundo e o que ampara e resolve esta cuestión, “a potestade de xulgar e facer executar o xulgado, é dicir, o cumprimento de sentencias, corresponde en exclusiva a xuíces e tribunais”.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Pois eu voulle ler a vostede Sr. Font o que di o xuíz, ese poder xudicial que vostede acaba falar, “que debo condenar e condeno a D. Roberto Ballesteros Costas como autor dun delito de prevaricación, previsto e penado no artigo

404 do código penal, á pena de 7 anos de inhabilitación especial para emprego ou cargo público, que produce a privación definitiva do cargo de Alcalde, concelleiro ou vocal, etc., a xustiza xa falou, alto e claro, Sr. Font, o problema aquí non é a xustiza o problema son vostedes, que cren que a xustiza se debe aplicar dependen de quen veñan, e que hai que acomodarse que si hai unha sentenza similar pero fora contra alguén do Partido Popular estarían vostedes día si e día tamén, e agora o que fan vostedes é amparar e é ir en contra do que di a xustiza, se vostedes respectan a xustiza terán que respectar un fallo firme porque se acabou o procedemento e hai un fallo firme, e vostede o que están a facer é amparando a quen quere saltarse a lei e a quen a esta a saltar incumprindo o que di un Tribunal de Xustiza e ademais que foi condenado por prevaricación, por certo, por un delito pero ten 17 causas xudiciais abertas, isto é só a punta do iceberg, léronse vostedes os informes dos secretarios e interventores graves sobre as irregularidades que se están cometendo, pero como lle poden dar as costas a iso? Como poden mirar cara outro lado? É grave o que está a pasar aquí, aquí está habendo unha connivencia con alguén que se está a saltar a lei e digo non en Cataluña, non en Andalucía, non en Murcia, non, en Vigo onde vostede teñen tamén responsabilidades políticas e hai alguén en Vigo que está a incumplir unha sentenza xudicial e non o digo eu, dio o Tribunal de Xustiza e non o digo eu, dino os informes dos secretarios e interventores, polo tanto, lle pediría por favor que reflexionaran e lles faría unha pregunta por que están vostedes tan calados? Por que vostedes ameazan? Porque aquí vostede nos acaba de ameazar con que se van a querelar como se vote a favor desta moción, mire aquí non estamos, aquí o que estamos é por pedir que se cumpra a lei e iso é o que pide esta moción, por que están vostedes tan calados? De que teñen medo para non falar? Teñen vostedes medo do Sr. Ballesteros? Nós dende logo non temos e o demostramos indo alí a pesares de que o Sr. Caballero o e o Sr. Ballesteros nos prepararon un comité de benvinda, iremos alí as veces que fagan falla a defender aos veciños de Bembrive, e non queremos, quero clarexar, non queremos un momento do Partido Popular en Bembrive, queremos un goberno socialista na pedanía de Bembrive, que é o que votaron os veciños e iso é polo que estamos a traballar, e esa é a diferenza entre vostedes e nós.

PRESIDENCIA: É grave que os representantes públicos da cidadanía non saiban que vivimos nun Estado de Dereito, o Estado de Dereito significa que hai poder lexislativo, executivo, e poder xudicial, cada un deses poderes ten unhas competencias asumidas que ningún outro poder pode levar a cabo, as sentencias lle corresponde aos xuíces e a execución das sentencias tamén lle corresponden aos xuíces e iso non é de primeiro

de dereito, de primeiro de primaria cando se lles explica aos rapaces o que é un Estado de Dereito. Polo tanto, a min paréceme que vostede señora voceira ten todo o dereito a denunciar o que considere, fallaría máis, a facer tódalas valoracións políticas que considere, fallaría máis, ten todo o dereito do mundo, o que non se pode é pretender que un goberno que é o executivo local tome decisións que lle corresponden ao poder xudicial, é grave propoñer iso, son os principios básicos da democracia e por último para que conste en acta porque é moi grave e non o podo consentir como persoa que está a presidir este Pleno, dicir que o Sr. Caballero fixo un comité de benvida é dunha gravidade sen ter ningún dato e sabendo que é falso, que me parece que hai cousas que non poden constar na acta sen que se diga que é falso, polo tanto, que conste en acta que é unha absoluta falsidade.

(No momento da votación preside a 1ª Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego, por ausencia do Sr. Alcalde).

VOTACIÓN: Con oito votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e quince abstencións dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 24.11.2017 (Rex. Nº 1659/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteríz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

11(192).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO ALCALDE A DAR EXPLICACIÓNS SOBRE AS ACTUACIÓNS LEVADAS A CABO NO AUDITORIO MAR DE VIGO DURANTE ESTES ANOS. REXISTRO PLENO 1660/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de novembro de 2017, número 1660/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteríz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O 5 de agosto de 2004 fírmase o convenio COTOP – Porto – Concello para a construción do Auditorio Mar de Vigo. Un proxecto que nace coa vontade de converter este espazo nun referente cultural, comercial e de ocio para toda a cidade. O ano seguinte adxudícase o concurso a SACYR – Caixanova, quen pretende, en abril de 2007, unha modificación do contrato que foi rexeitado polo goberno municipal da entón alcaldesa, Corina Porro.

En febreiro de 2008, xa con Abel Caballero como alcalde, a concesionaria solicita novamente a modificación do contrato, sendo autorizada polo rexedor en marzo dese mesmo ano. Este modificado supón, na práctica, a redución do proxecto orixinal, diminuíndo as zonas públicas e comerciais e comprometendo a viabilidade económica e o futuro deste espazo.

Este é o punto de partida dunha serie de decisións que nos conducen á realidade que vive hoxe o Auditorio Mar de Vigo.

Concretamente, neste tempo destináronse 2 millóns de euros á promoción cultural deste complexo (500.000 euros ao ano en 2014, 2015, 2016 e 2017) sen acadar os resultados previstos. A maiores entregáronse 5 millóns a fondo perdido no ano 2012, ao tempo que se ampliaba a concesión ata 60 anos sen ningún tipo de explicación. Comprometéronse 13 millóns para a UNED nos próximos 20 anos; máis de 2.000 euros diarios polo aluguer dun edificio que é municipal. E a Deputación de Pontevedra outorgou preto dun millón de euros para dotar de mobiliario as aulas da UNED, cos nefastos resultados que está a constatar o alumnado.

Un importantísimo investimento público do que non se ten dado ningunha explicación nin por parte do alcalde nin do seu goberno municipal e que, sen embargo, non ten evitado o concurso da empresa concesionaria.

Tal como o Partido Popular viña advertindo, a sociedade concesionaria Pazo de Congressos, S.A. presenta a finais do ano 2016 a apertura do procedemento concursal ante o Xulgado Mercantil. Finalmente con data 13 de novembro de 2017 o Xulgado Mercantil nº3 de Pontevedra emite Auto abrindo a fase de liquidación da sociedade e liquidando Pazo de Congressos, S.A. e ademáis *“Declarar resuelto por ministerio de la Ley, con efectos concursales (obligacionales y crediticios en el patrimonio de la concursada) desde la presente resolución concursal, lo relativo al contrato concesional formalizado entre el Concello de Vigo y la concursada, suscrito en fecha 2 de mayo de 2006, ordenando el cese total de la actividad de la concursada con fecha límite el 31/03/2018 en relación con dicha concesión, poniendo a disposición del órgano la infraestructura a que esté obligado contractualmente, con las consecuencias concursales relativas al reconocimiento, calificación y clasificación crediticia inherente a dicho pronunciamiento.”*

Desde este grupo municipal levamos anos avisando de que isto ía a pasar, e máis tendo en conta a modificación do proxecto asumida polo alcalde. Desde o primeiro momento, o rexedor incumpriu o seu compromiso para dinamizar a zona e dar vida a unha parte da cidade que hoxe en día está morta. Un incumprimento e unha modificación que se debeu única e exclusivamente a intereses persoais do alcalde de Vigo, na procura de que o Auditorio estivese listo nas municipais de 2011.

Por todo isto, propoñemos que o Pleno da Corporación adopte os seguintes acordos:

1.- Instar ao alcalde de Vigo a dar explicacións sobre as actuacións levadas a cabo no Auditorio Mar de Vigo durante estes anos, que se teñen traducido en máis de 20 millóns de euros comprometidos cunha concesionaria que agora está en precurso de acreedores.

2.- Instar ao alcalde de Vigo a detallar a folla de ruta prevista para evitar que sexan os vigueses os que asuman os 77 millóns de euros previstos trala liquidación de la concesionaria.”

DEBATE:

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Imos rematar este Pleno cun funeral, a verdade, coa crónica dunha morte anunciada pero cun funeral que lle vai custar aos vigueses 77 millóns de euros porque a verdade que o morto vivinte que era o Auditorio Mar de Vigo que outro tema que xa está tratado tamén neste Pleno, votado moitas veces e algúns acordos por unanimidade, hoxe está xa liquidado, a empresa concesionaria entrou en liquidación, polo tanto, ten que asumir este Concello o pago de 77 millóns de euros e nós queremos hoxe dende o grupo municipal do Partido Popular xa que advertimos en moitas ocasións que isto ía pasar, queremos explicacións e queremos saber por que se viviu esta fuxida cara adiante con este edificio, con este Auditorio Mar de Vigo, que xa naceu mal e agora morre pero aínda por enriba morre cunha morte moi cara, insisto o que dixen ao principio, 77 millóns de euros pero non porque isto fora así, senón porque nestes últimos 10 anos de Alcalde, Sr. Caballero, inxectouse unha cantidade moi alta de cartos públicos e agora é o momento de render contas porque nós temos a conciencia moi tranquila porque iniciamos unha comisión de investigación a pasada lexislatura, sabendo que isto podería pasar, xa con catro anos de antelación, presentamos mocións, dixémolo publicamente tamén en roldas de prensa e sabíamos que isto ía pasar. Imos facer un pouco de historia no pouco tempo que temos, para saber exactamente o que pasou co Auditorio Mar de Vigo. O 5 de agosto de 2004, asíñase o convenio COTOPV-Porto-Concello para a construción do Mar de Vigo, un proxecto que nace cunha vontade que quedou consensuada con tódolos

grupos daquela municipais que ía ser un espazo, un referente cultural, comercial e de ocio para toda a cidade, a verdade que a ambición era de todos, queríamos un espazo ademais recuperado á zona de Orillamar e o Berbés recuperada, construíuse un hotel ademais anexo porque era a nosa intención xeral, aínda eu non era concelleira pero a intención de toda a cidade de facer un espazo ademais para a celebración de congresos é un revulsivo para esta cidade, pero isto cambiou, ao ano seguinte adxudícase o concurso a Sacyr-Caixa Nova que pretende en abril do 2007 unha modificación do contrato asinado no 2004, unha modificación que foi rexeitada polo goberno municipal de entón, que presidía a Sra. Porro, porque xa vou a adiantarme a que ese rexeitamento produciuse no ano 2007. En febreiro do 2008, cando xa era Alcalde o Sr. Caballero, propúxose de novo esa modificación de contrato e aceptouse, ese é o punto de inflexión e aí comeza as dificultades e a morte lenta, insisto, que hoxe euro a euro vai custar 77 millóns de euros dese edificio, esa modificación de contrato no ano 2008 supuxo na práctica a redución do proxecto orixinal diminuindo as zonas públicas e comerciais e comprometendo a viabilidade económica e o futuro dese espazo, pero que pasa? Que xa cando se veu esa modificación, xa cando pasou o tempo, un ano, advertimos todos neste Pleno con vontade construtiva, presentamos mocións, fixemos unha comisión, que vai pasar con ese edificio, o hotel marchouse porque non era rendible, viamos que iso non ía adiante, pois nada, aquí o non polo non e a fuxida cara adiante como digo, que pasou? Pois nese tempo se destinaron 2 millóns de euros á promoción cultural deste complexo, unha promoción cultural que nunca soubemos cal foi, porque hai espectáculos de cando en cando pero non está nunca planificada a actividade cultural ao principio do ano, a maiores entregáronse 5 millóns a fondo perdido no ano 2012 e co tempo ademais que se ampliaba a concesión, 60 anos, sen ningún tipo de explicacións cando xa viamos que iso non era rendible e despois comprometéronse 13 millóns de euros o ano pasado ou hai dous anos para a UNED para os próximos 20 anos, iso é máis de 2.000 euros ao día de aluguer, pagado con cartos públicos, insisto, e a Deputación de Pontevedra outorga 1 millón de euros tamén para mobiliario para a UNED, sabendo que, a verdade, non está resultando e non está tendo os resultados nin aí situado nin como se está propoñendo a propia Universidade a Distancia.

Polo tanto, todo suma pero o día 13 de novembro de 2017, o xulgado mercantil número 3 de Pontevedra, emite auto abrindo a fase de liquidación da sociedade e liquidando Pazo de Congresos SA e ademais condenando, como digo aquí, e esixindo o pago desa liquidación. Polo tanto, temos que dicir que isto xa se vía vir e nós xa o

advertimos, que pasou cando foi a inauguración do Pazo de Congressos si que se puxo alí unha placa con nocturnidade para facerse amo e señor e agora un desastre.

SR. PÉREZ CORREA: Nós temos agora un edificio moi amplo que formaba parte dunha serie de promesas, non só de promesas á cidade senón tamén promesas que se fixeron as propias empresas que foron a concurso que serían o inicio dunha rexeneración urbana de toda unha franxa, unha franxa ademais que entra dentro tamén do dominio portuario, díxose unha serie de aseveracións, incluso no seu día, a algún hotel se lle dixo que aí habería un Ikea, unha zona comercial e realmente o único que hai é un edificio, efectivamente un edificio precedido no seu inicio por modificacións de proxecto que nunca son boas, porque cando fas unha modificación do proxecto ás veces tamén modificas o resultado final do uso que se lle vai dar a ese edificio, cousa que estamos a ver, a partires de aí foi unha antoloxía do disparate, a primeira batalla, a batalla das placas que presenciamos os vigueses a ver quen poñía a placa antes, a batalla tamén por darlle contido, a batalla do concurso, unha UTE que aparece da noite á mañá, unha xestión, algunhas empresas que aparecen da noite a mañá sen ningún tipo de vinculación a este tipo de servizos anteriores, un proceso de adjudicación non só do edificio, da cafetería, un montón de cousas que non imos resolver nos minutos que temos neste Pleno.

No ano 2013 este Pleno aprobou a creación dunha comisión de investigación, defendida no seu día polo Partido Popular, unha comisión de seguimento, imos chamarlle mellor de seguimento para que o eufemismo non resulte tan duro, unha comisión de seguimento para saber modificación non se desenvolvía o resto do ámbito, comisión de seguimento, nós volvemos a reclamala no momento que entrou en concurso voluntario de acredores a UTE e agora temos un problema xa estratosférico que é ese concurso de acredores, a UTE non sobrevive, morre a UTE, ou entendemos que vai morrer e lle entrega o edificio ao Concello, por exemplo, no Plan Normativo, se nos ocorre a nós, o ano que ven 2018 imos a ter un edificio municipal, unhas instalacións municipais que imos xestionar polo menos, que se nos chega a través dos medios que o Concello está encantado de recibir, que vaino a xestionar de maneira directa, un regulamento estaría ben no Plan Normativo do ano 2018, de como acceden as entidades sociais, culturais ou veciñais a ese edificio ou vai estar pechado durante todo o ano 2018, e vaise abrir cando se interese, pois un regulamento porque fai falla, así como hai un regulamento para utilizar o Auditorio deste Concello, teñen que poñer no Plan Normativo do ano que ven, é certo que aquí invitamos a que se poña o regulamento de acceso a ese edificio. Ou nos sentamos, ou dicimos

publicamente que vai pasar cunha débeda de 70 millóns de euros, que parte da débeda tería que asumir o Concello como propietario do edificio, que parte da débeda ten que asumir o Concello como entidade que concesionou a UTE a xestión dos servizos ou nos sentamos ou os patadóns que se dean para adiante para pasar o rubicón do 2019 sen falar disto, cremos que xa non funciona así a política, porque eu entendo que a empresa, a UTE, litigará tamén, esixirá como esta é unha batalla de entidades privadas que intentarán non asumir gran parte desa débeda, pero hai outras cuestións que xa deberíamos facer xa, ese medio millón de euros que vostedes que practicamente a toda oferta cultural directa, en forma de transferencia que se lle fai a unha empresa para que traia a banda letona de tributo ABBA, é unha oferta cultural espantosa, ese medio millón de euros a partir deste ano non se lle dea, e o utilizemos para xestión cultural propia, que se faga un rediseño da política cultural dos museos, incluso que se inxecto ao Marco, vostedes piden á Xunta de Galicia, nós lle dicimos que ese medio millón de euros ao Marco estaría ben, clarificar, vostedes trouxeron aquí un informe que dicía que o único edificio de Vigo onde podería ir a UNED, un informe, dun suposto perito inmobiliario, que dicía que o único edificio onde podería ir a UNED era o auditorio Mar de Vigo porque non había outro sitio neste Concello, iso terá que ter unha explicación tamén porque o edificio municipal, estamos pagando a un edificio municipal e agora como imos pagar eses oitocentos e pico mil euros dun edificio municipal, a quen lle imos a pagar? A que entidade? E polo tanto, iso volvemos a repetir, que teremos que clarificalo non aquí, cun reproche entre grupos senón que teremos que pedir informes ás partes do Concello, ás xefaturas que fagan falla, teremos que pedir ao mellor unha comparecencia do administrador concursal, teremos que pedir ao mellor unha comparecencia da xente que levou adiante a UTE, teremos que revisar os pregos de adxudicación da cafetería, teremos que revisar un motón de cousas para darlle futuro, porque senón se lle da futuro o mellor sería demolelo.

SR. LÓPEZ FONT: Sra. Egerique, descúbrome ante vostede, nunca vin a ninguén do Partido Popular cun rasgo de sinceridade maior que o seu, "naceu mal", dixo en galego e o nacemento é 5 de agosto do 2004, recoñecido na súa moción porque é verdade que hai que ir ao orixe, e é verdade que esta concesión orixe de tódolos problemas naceu mal o 5 de agosto do 2004, por un importe que non coincidiu, por moito, co proxecto de obra, é evidente que naceu mal e é evidentemente que estaba mal concesionado e a proba está en que goberno anterior que estaba no 2004 ata o 2007, decidiu que o prazo de presentación do proxecto de execución de obras tiña como

tope a data de 15 de xullo de 2007, que eu lémbrome perfectamente, isto é para un mes despois de que os cidadás houberan elixido ao Sr. Caballero como Alcalde, é evidente que cando decidiron isto, esconderon a cabeza debaixo da ala, esperaban outro resultado e dixeron literalmente para despois de eleccións xa veremos. Polo tanto, aquí non se cambiou ningún proxecto Sra. Egerique, o que se fixo foi adaptar dentro da absoluta legalidade o que vostede e o seu goberno concesionaran, todo isto nun réxime concesional baseado nunha lei do Sr. Aznar, que tamén houbo que cambiala, sabe cal é o problema? Que esa lei tamén nos obriga a pagar a todos as autopistas radiais de Madrid e aínda non escoite a ningún ministro do seu goberno dar explicacións sobre este tema, ademais confunden cuestións, é un erro confundir Auditorio co Palacio de Congresos, a concesión do conxunto, é un erro falar de medio millón de subvención cando tódolos auditorios teñen subvencións dende a administración local, e efectivamente Sra. Egerique, naceu mal, polo tanto, a concesión non é nosa. E como en tantos outros problemas cos que nos atopamos, tivemos que asumir as consecuencias disto, pero mire, o resultado final será público e farao a instancia correspondente no mes de marzo, o que vostede aventure xa cal vai ser o resultado final, 77 millóns, podería ter dito 770 millóns, daba igual o que vostede podería ter dito. Nin vostede nin eu Sra. Egerique, sabemos cal é a decisión final sobre un plan concursal que se terá que decidir e volvemos novamente ao que falábamos na anterior moción que vostedes xa pasan de prognosticadores do que vai facer a xustiza, coa esixencia a que nós aquí tomemos decisións que corresponden ao ámbito xudicial. O que pasa que é o de sempre, vostedes polo máis negativo, sempre están no mesmo, e eu o que creo é que vostedes houberan estado certamente felices de que non se houbera podido facer o Auditorio, ese era o seu desexo íntimo en algo que vostedes fixeron facer o 5 agosto de 2004 e que o fixeron moi mal.

E sobre quen xestionará isto, pois evidentemente este goberno, o que pasa é que lles vou a dicir unha cuestión en relación co que sempre din, e é que hoxe é o Auditorio de Galicia que máis actividade ten, o conxunto que máis servizos presta á cidadanía porque eu esa frase, e sufrino, entre comiñas, en carne propia, de estudar na UNED, infinitamente miles de vigueses din ogallá houbésemos tido un sede da UNED aquí.

Polo tanto, eu vou a concluír como comecei, non, como comezou vostede, isto naceu mal, entón rematou así, recoñecéndolle o seu rasgo de sinceridade, tamén é certo que seguro que lle traizoou o subconsciente e seguro que se deu conta de onde veñen tódolos males en relación con isto, a partires de marzo se é que corresponde que creo que si, se xestionará dende o Concello, fenomenal e afortunadamente temos o Auditorio que merecemos como cidade, o último porque a Xunta de Galicia pagou

tódolos auditorios e non pagou o de Vigo e afortunadamente témolo, se houberen gobernado vostedes estaríamos sen Auditorio.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Sr. Font, fora de tempo pero nomeou á Xunta de Galicia, xa me parecía raro que lle fallara algo na súa intervención.

A diferenza que temos nós de vostedes é que sempre somos sinceros, claro que si, sorpréndelle a vostede que eu sexa sincera? Está escrito na exposición de motivos da moción, como naceu o concurso e como se modificou un contrato rexeitado polo goberno que asinou ese proxecto é admitido despois polo Alcalde o Sr. Caballero, mire Sr. Font, levan 10 anos gobernando e agora resulta que isto é unha cousa que naceu mal e que non se soubo nada, sempre vimos a este Pleno municipal e incluso na comisión, con afán construtivo, para solventar ese problema, para intentar buscar uns cauces que fosen serenos por parte de todos para manter ese auditorio e para que fose rendible, pero vostedes nin melloraron a zona de Beiramar e do Berbés que é unha zona infrautilizada, non cumpriron con ese compromiso de mellorar esa zona, e agora comezaron cunha fuxida cara adiante, a inxectar cartos públicos, infinitamente miles de alumnos dinlle a vostede que queren á UNED, a verdade, creo que isto xa se cae polo seu propio peso Sr. Font e está claro que trataron este tema con moito frivolidade e é un tema moi serio, e se dicimos unha cifra aquí do que temos que pagar os vigueses é porque hai técnicos que saben do que falan e que levan falando 8-10 anos deste tema, por iso xa falamos deste tema do Auditorio de Vigo, xa o advertimos, pode ver vostede as actas e polo tanto, si que teñen que dar explicacións porque é unha xestión nestes últimos 10 anos totalmente municipal, deste Concello, e aínda por encima inxectando cartos tamén a Deputación de Pontevedra.

Mire, Sr. Font, o mundo non se vai parar porque o Marco non teña director/a, está claro porque o mundo non se para nunca e non se vai parar tampouco porque o Auditorio agora deixe de funcionar pero co 7% do que se inxectou de cartos públicos nese Auditorio, o Marco quizais tivera permanencia para moitos anos en diante, só co 7% ou incluso se me apura co 3%, xa nin sequera voulle dicir o 7% porque sei que é un número que vostedes teñen como mantra, e a verdade é que entendo porque tamén o Sr. Caballero comezou como Alcalde con 7 concelleiros, moi ben, agora ten 17.

Polo tanto, nós cremos que participaron persoas externas do ámbito político, Sr. Font, isto é un tema serio e a verdade dígolle unha cousa, a diferenza entre vostedes e nós é que nós sempre somos sinceros e deixámolo por escrito e vostedes sorpréndese cando agora non facemos saña porque teñamos facer saña política con este tema que son 10 anos de fracaso do Auditorio e cartos públicos investidos ali.

VOTACIÓN: Con oito votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 24.11.2017 (Rex. Nº 1660/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteríz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

FORMULACIÓN DE ROGOS.

12(193).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. GAGO BUGARÍN, RELATIVO AO CUMPRIMENTO DA LEI DE TRANSPARENCIA.

SR. GAGO BUGARÍN: En cumprimento da Lei de Transparencia, rogamos unha vez máis, levamos dous anos e medio rogando ao goberno local que lle permita á oposición e concretamente ao Partido Popular acceder aos expedientes administrativos e a tódolos expedientes correspondentes co exercicio ordinario de funcionamento do Concello.

PRESIDENCIA: A Lei de Transparencia cúmprese neste Concello ao 100%, extraordinaria e marabillosamente ben, Transparencia Internacional dános 100 puntos sobre 100.

13(194).- ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SRA. LÓPEZ BARREIRO, RELATIVO Á ASISTENCIA SOCIAL E MÉDICA A UNA MULLER EMBARAZA.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Pregámoslle que se axilicen os trámites para prestar asistencia social e médica á muller que se atopa embarazada en situación de emerxencia económica-social e que solicitou axuda no servizo sociais do Concello.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Gracias por darme a oportunidade de poder explicalo publicamente porque se están a contar tantas mentiras, quero clarexalas ademais sabe que eu xa lle contei algo cando me chamou por teléfono. Creo que hai que lembrar que é o CIS, que é o albergue e cales son as funcións que ten, función de albergue, ten toda a acollida e atención, comedor social, centro de día de inclusión, centro de atención social continuada, unidade de hixiene, unidade de día, etc.

Os servizos sociais non comentan os casos individuais de cada persoa porque son total e absolutamente respectuosos coa vida das persoas e coa súa intimidade. O que non se pode facer é crear unha alarma onde non a hai, voume centrar concretamente no caso das mulleres porque tamén hai casos de homes, pero no caso das mulleres, de momento nunca se cubriron as 8 prazas que hai de muller, sempre queda a cama cero que nos permite atender a unha muller. A verdade sae sempre, nunca queda ningunha muller, cando pasan os 10 días se hai algunha muller en situación de risco sempre hai excepcións, sempre se contemplan as excepcións, hai unha folla que se cobre, aténdese a esa persoa e se deriva, ben a outro sitio se ten unha situación delicada polo seu estado a outros determinados sitios, pode ser a outra ONG, a un centro específico para mulleres que teñen unha determinada problemática, pode ser a realizar uns cursos que lles permite cobrar unha determinada cantidade de cartos, hai algunhas persoas que teñen domicilio, vivenda, familia e que están en situación complexa, que están dentro do programa de intervención familiar do Concello de Vigo, que ten que cumprir uns determinados requisitos e afirmo categoricamente que a persoa da que falan hoxe os medios de comunicación sabe perfectamente que está a mentir e todos/as as que están afirmando e corroborando o que está a dicir esta señora saben tamén que están a mentir porque aínda que se atrasara a cita nos servizos sociais, ten un equipo de intervención directo dentro do albergue, dentro do CIS, hai psicólogos, pedagogos que atenden ao momento, calquera persoa que pretenda, que queira, que necesite durmir no CIS é atendida, pero miren, a ver si sabemos que é un albergue, saben que hai 10 días, é para transeúntes, é para

persoas sen fogar pero non é unha residencia que é o que vostede pretende, se vostede pretende que sexa unha residencia, vaia vostede, séntese diante do Parlamento de Galicia, póñase alí coa súa cama diante do Parlamento de Galicia que é quen ten as competencias; o albergue está rexido polas normas de servizos sociais que determina a Xunta de Galicia, nin unha máis nin unha menos, colla o bártulos e póñase diante do Parlamento, e todas aquelas persoas que se están aproveitando da necesidade das persoas, físicas e emocionais son máis responsables que esas persoas que están acampadas aí, máis responsables porque se aproveitan dunha situación de indefensión física e emocional, e son vostedes todos/as uns irresponsables, saben perfectamente que atendemos a tódalas persoas, incluso persoalmente, que están en situación de desprotección, non queda absolutamente ninguén. O que non temos, vostede que berra tanto, o que non imos facer é deter a ninguén, nin intentar deter como demandaban algúns/as, non temos absolutamente ningunha capacidade para iso porque tamén está dentro desa persoa a liberdade de elixir onde dorme e con quen dorme, pero claro como teñen medo recorren á Policía pero non son capaces de poñer unha denuncia, chaman á concelleira para que a poña a concelleira.

FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

14(195).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SR. PÉREZ CORREA, RELATIVO ÁS SANCIÓN S URBANÍSTICAS.

SR. PÉREZ CORREA: Cremos que xa é habitual que o Concello non poña ou traslade multas urbanísticas de maneira arbitraria aos veciños e queremos poñer o caso do exemplo as que nunca pasaron do expediente número 19.225/423, sito no Camiño da Xorxa San Teis e pedimos que se nos responda por escrito.

PRESIDENCIA: Responderemos por escrito.

15(196).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ, RELATIVO AO ESTADO DA AUGA EN NAVIA.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Eu pregunto que pasou onte en Navia coa auga, onte a auga que saía da billa apestada e chamouse ao 010 e alguén nos dixo que había que fervela antes de bebela, entón simplemente digo que si iso é así en Navia supoño que pasarán en máis sitios, entón que se nos avise dende o Concello, eu xa sei que estamos en seca pero digo simplemente que é ou que pasou porque dende logo nos bares non se daba porque saía apestando da billa, é unha pregunta simplemente.

PRESIDENCIA: Ignoro quen contestou que hai que fervela

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Alguén que estaba no 010 ás 8 da noite. Non me meto con ela por iso, paréceme ben que o dixera, supoño que será así.

PRESIDENCIA: Ou non, porque unha persoa do 010 seguramente non está nese momento no coñecemento de como pode estar a auga en todo Vigo, seguramente foi unha valoración persoal sen ningunha valor científico como corresponde. Nós temos unha permanente vixilancia sobre o estado da auga. Son democraticamente elixido polo voto dos cidadáns cuestión que vostede nunca conseguiu a pesares de terse presentado.

16(197).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. MUÑOZ FONTERIZ, RELATIVO AO PROBLEMAS COA AUGA EN NAVIA.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Eu quero reiterar a pregunta de se houbo un problema coa auga en Navia, porque recibimos e vímolos en redes sociais queixas de moitos veciños que a auga fedía e saía escura e queremos preguntar se houbo un problema e que é o que fixeron para solucionalo.

PRESIDENCIA: Sra. Muñoz, eu escoitei nunha radio a un concelleiro do seu grupo afirmar que a auga non era potable en Vigo o día dos incendios, eu escóitelle ao Sr. Gago dicir que a auga non era potable, quero dicir que algunhas aseveracións teñen que ser moi medidas e estar moi asegurado, eu lles contestarei por escrito a todo o

que respecta a isto, pero lles podo garantir que a auga en Vigo está en absoluta calidade de uso de consumo, por certo, garánteo a Xunta de Galicia, quen garante a calidade da auga en Vigo é a Xunta de Galicia que é quen ten as competencias, nós temos os nosos sistemas de análise e aplicámoslos, e Aqualia está permanente vixiando, pero lles quero dicir que a auga en Vigo está en magnificas e perfectas condicións de uso, é certo que hai unha seca, é certo que pode haber turbidez e todos o vemos de vez en cando nas nosas vivendas, pero non habería seca se houberan feito o transvase que tiña que ter feito a Xunta de Galicia que lle pedimos no ano 2011.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Creo que se pode facer outra pregunta non?

PRESIDENCIA: Non, está a dicir o secretario que xa fixeron as dúas.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.
am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.